Emenda nº17, ao apartado 2.j), de Supresión. Artigo 4

No punto 2 deste artigo, débese suprimir a letra j).

Emenda nº18, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

No punto 2 deste artigo, despois de: "... relacións de complementariedade ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e dependencia ..."

Emenda nº19, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... , no caso de que se autorice previamente o seu depósito neste tipo de centros."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

Emenda nº20, ao apartado 3.e), de Adición. Artigo 5

No punto 2, deste artigo, letra e), logo de: "Promover a pluralidade ...", débese engadir: "... e diversidade cultural, ..."

Emenda nº21, ao apartado 3.h), de Supresión. Artigo 5

No punto 3 deste artigo, débese suprimir a letra h)

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 6

No título deste artigo, *ab initio*, onde di: "Deberes xerais ...", debe dicir: "Obrigas xerais..."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 6

Na primeira liña, deste artigo, onde di: "Son deberes dos centros museísticos ...", debe dicir: "Son obrigas dos centros museísticos ..."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova letra k) bis, que terá o seguinte contido:

"k) bis. Aprobar e publicar o seu propio código deontolóxico.

Emenda nº25, de Adición. Artigo 7

Logo de: "... eficiente da súa xestión cultural, ...", débese engadir a seguinte palabra: "... técnica ..."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

Emenda nº26, de Adición. Artigo 7

Logo de: " ... definidas no artigo 18 ...", débense engadir as seguintes palabras: "... desta lei ..."

Emenda nº27, ao apartado b), de Modificación. Artigo 8

Proponse unha nova redacción para a letra b) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) Os órganos colexiados asesores e consultivos."

Emenda nº28, ao apartado i), de Adición. Artigo 9

Na letra i) deste artigo, despois de: "... centros museísticos ... ", débese engadir o seguinte texto:
"... favorecendo, se for necesario, o intercambio temporal dos profesionais e a súa participación en organizacións estatais ou internacionais especializadas ...."

Emenda nº29, ao apartado j), de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir a letra j) deste artigo.

Emenda nº30, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo artigo 9 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 9 bis. Órganos asesores e consultivos
1. Son órganos asesores da Xunta de Galicia en materia de centros museísticos a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia e cantos outros se considere necesario establecer con carácter xeral ou específico.
2. Son órganos consultivos da Xunta de Galicia en materia de centros museísticos o Consello da Cultura Galega, o Consello Galego de Museos e cantos outros se considere necesario establecer con carácter xeral ou específico.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Son funcións e competencias dos órganos asesores e consultivos a emisión de informes, ditames e o asesoramento sobre os asuntos que requira a Administración autonómica."

Emenda nº31, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

No punto 1 deste artigo, onde di: "... en materia de centros museísticos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, …", debe dicir: "... do Sistema de Centros Museísticos de Galicia, …"

Emenda nº32, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 10

Débese engadir unha nova letra e) bis, que terá o seguinte contido:

"e) Unha persoa representante do Consello da Cultura Galega."

Emenda nº33, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 10

Débese engadir unha nova letra f) que terá o seguinte contido:

"f) Unha persoa representante da Fegamp."

Emenda nº34, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

No último parágrafo do punto 2 deste artigo, logo de: "... Centros Museísticos de Galicia ..." débese engadir a seguinte palabra: "... garantirase ...".

Emenda nº35, ao apartado 3.e) bis), de Adición. Artigo 10

No punto 3 deste artigo, débese engadir unha nova letra e) bis, que terá o seguinte contido:

"e) bis. Asesorar e prestar asistencia técnica aos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

patrimonio cultural integrados no Sistema para o mellor cumprimento dos seus fins."

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 12

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo deste artigo, que terá o seguinte contido:
"A integración no Sistema galego de centros museísticos desenvolverase regulamentariamente e deberá conter, polo menos, os seguintes efectos: "

Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, débense modificar os dous primeiros parágrafos que terán o seguinte contido:

"1. A creación dun museo ou colección museográfica de titularidade da Comunidade Autónoma levarase a cabo mediante un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos ou, no caso de que o centro vaia depender doutra consellaría, por proposta conxunta da consellaría competente en materia de centros museísticos e da consellaría da que vaia depender o centro.

No caso da creación e cualificación dun museo ou colección museográfica que non sexa de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, realizarase mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos."

Emenda nº38, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, letra a), débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... para o seu funcionamento, mantemento e coa dotación prevista de persoal técnico e auxiliar."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envío: 10/11/2020 17:34:12.217

Emenda nº39, ao apartado 4.c), de Adición. Artigo 13

No punto 4 deste artigo, letra c) logo de: "... ordenada das coleccións ....", débese engadir a seguinte frase: "... procurando que se realice consonte a ..."

Emenda nº40, de Modificación. Artigo 14

Proponse unha nova redacción para os dous primeiros parágrafos do punto 1 deste artigo, que terá no seguinte contido:

"1. A creación dun centro de interpretación do patrimonio cultural de titularidade da Comunidade Autónoma levarase a cabo mediante un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos ou, se for o caso de que o centro vaia depender doutra consellaría, por proposta conxunta da consellaría competente en materia de centros museísticos e da consellaría da que vaia depender o centro.

No caso da creación e cualificación dun centro de interpretación do patrimonio cultural que non sexa de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, realizarase mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos."

Emenda nº41, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 21

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. As funcións directivas dos museos de titularidade ou xestión autonómica serán asumidas pola Escala Facultativa Superior de Museos da Xunta de Galicia. As diferentes áreas funcionais estarán a cargo dun técnico facultativo superior de museos ou, de ser o caso, dun técnico facultativo de Grao Medio de Museos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

Emenda nº42, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 22

No punto 2 deste artigo, onde di:" ... Nos tribunais encargados de resolver os procesos de selección figurará obrigatoriamente un técnico de museos profesional de calquera das administracións públicas galegas.", debe dicir: "... . Nos tribunais encargados de resolver os procesos de selección figurarán obrigatoriamente un mínimo de dous técnicos profesionais, facultativo superior ou medio segundo as diferentes categorías, de museos profesionais de calquera das administracións públicas galegas."

Emenda nº43, ao apartado 3, de Adición. Artigo 24

No punto 3 deste artigo, depois de: "... apertura dos centros ...", débese engadir a seguinte palabra: " ... museísticos ..."

Emenda nº44, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

No parágrafo deste artigo, débese engadir *ab initio*, o seguinte número: " 1. ..."

"

Emenda nº45, ao apartado 2, de Adición. Artigo 29

De aceptar a emenda anterior como punto 1, débese engadir un novo punto 2, e de non aceptar a emenda débese engadir un novo parágrafo que terá o mesmo contido:

"2. Os gastos ocasionados pola conservación e mantemento dun depósito forzoso poderá facturarse pola Administración á persoa titular dos dereitos dos ditos bens."

Emenda nº46, ao apartado 3, de Adición. Artigo 29

De aceptar a emenda de adición para enumerar o parágrafo deste artigo, débese engadir un novo punto 3, no caso

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

contrario, engadirase un novo parágrafo a este artigo, que terá o seguinte contido:

"3. No caso de disolución ou clausura dun centro museístico, a administración competente en materia de museos poderá dispoñer, previa audiencia da persoa titular e sen prexuízo do establecido na súa propia regulamentación, que os seus fondos sexan depositados noutro museo de natureza acorde cos bens culturais expostos, tendo en conta a proximidade xeográfica e reintegrándose ao centro de orixe no caso da súa reapertura. En todo caso, non se verán afectados o carácter e integridade das coleccións."

Emenda nº47, de Adición. Artigo 29 bis.

Débese engadir un novo artigo 29 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 29 bis. Adquisicións
1. Coa finalidade de acrecentar e enriquecer os seus fondos e coleccións, os centros museísticos dependentes da Administración autonómica galega presentarán plans singularizados de adquisición que serán sometidos a informe da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, sen prexuízo das medidas de carácter económico–administrativas que se arbitren para permitir a adquisición inmediata de fondos por motivos de salvagarda ou de urxencia.
2. As ofertas de compra-venda a instancias de terceiros deberán axustarse en todo caso á normativa de aplicación para o comercio e o tráfico de bens culturais."

Emenda nº48, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 30

No punto 1 deste artigo, onde di: "... porá en marcha un plan para fomentar ...", debe dicir: "... desenvolverá un plan para fomentar ..."

Emenda nº49, de Modificación. Artigo 31

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Todos os museos que formen parte do Sistema Galego de Centros Museísticos, xa sexan de titularidade pública autonómica ou pertencentes a outras administracións públicas, poderán propor o exercicio dos dereitos de tanteo e retracto que se regulan na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, para os efectos de solicitar a adquisición preferente do ben cultural e a súa asignación, se procede, aos respectivos centros."

Emenda nº50, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 37

No punto 4 deste artigo onde di: "... poderán contar cunha versión dixital, ...", debe dicir: "... poderán contar cunha versión electrónica, ..."

Emenda nº51, ao apartado 2, de Adición. Artigo 40

No punto 2 deste artigo, na primeira liña, despois de: "... garantirán a ..", débese engadir a seguinte palabra: "... total ..."

Emenda nº52, de Modificación. Artigo 44

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Artigo 44. Patrocinio
A Administración autonómica fomentará as accións de patrocinio non publicitario dirixidas ao sostemento dos centros museísticos que formen parte do Sistema galego, así como ao desenvolvemento dos seus proxectos museísticos."

Emenda nº53, ao apartado c), de Supresión. Artigo 50

Débese suprimir a letra c) deste artigo.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

Emenda nº54, ao apartado e), de Adición. Artigo 50

Na letra e) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:"... ou autorizados, consonte ás disposicións desta lei."

Emenda nº55, ao apartado i) bis), de Adición. Artigo 51

Débese engadir un novo punto i) bis, que terá o seguinte contido:

"i) bis. O incumprimento da obriga de levar o rexistro, o inventario e o catálogo ou non axustar os seus contidos e características ao establecido pola consellaría competente en materia de centros museísticos."

Emenda nº56, de Supresión. Artigo 52

Débese suprimir a seguinte expresión neste artigo: " ... previstas nos artigos 50 e 51 ...".

Emenda nº57, de Adición. Disposición adicional cuarta

Débese crear unha nova disposición adicional cuarta bis), que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional cuarta bis.
“A Administración autonómica promoverá as actividades científicas e culturais do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia, establecido polo Decreto 11/1993, do 22 de maio (DOG 102, do 1 de xuño)."

Emenda nº58, de Modificación. Exposición de motivos

No terceiro parágrafo da epígrafe I, onde di: "No ámbito nacional ...", debe dicir: "No ámbito estatal..."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:34:12
Nº Rexistro: 5097
Data envio: 10/11/2020 17:34:12.217

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº59, ao apartado I, de Supresión. Exposición de motivos

No segundo parágrafo da epígrafe I, débese suprimir o seguinte texto: "... a Recomendación sobre os medios máis eficaces para facer os museos máis accesibles a todos, do 14 de decembro de 1960, ..."

_____

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2020 17:33:46

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envio: 10/11/2020 17:30:31.095

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000006).

Emenda nº1, ao apartado 2, de Adición. Artigo 3

Engadir no apartado 2 o seguinte texto in fine:
"e daqueloutras administracións públicas e institucións que se determinaren."

Emenda nº2, ao apartado 3.a), de Adición. Artigo 3

Engadir no subapartado a) do apartado 3 o seguinte texto in fine:
", así como do propio museo continente."

Emenda nº3, ao apartado 3.o), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo subapartado o) no apartado 3 co seguinte texto:
"o) Presentar o Plan director do centro museístico ou Plan museolóxico."

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 4

Engadir no apartado 1 despois de: "e cuxas persoas titulares", e antes de: "facilitan", o seguinte texto:
"Parlamento, Igrexa, institución ou calquera organismo dependente dunha administración".

Emenda nº5, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 4

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envio: 10/11/2020 17:30:31.095

Engadir no subapartado a) do apartado 2 despois de: "fondos", e antes de: "nas condicións apropiadas.", o seguinte: "e mais do continente".

Emenda nº6, ao apartado 2.b), de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do subapartado b) do apartado 2 polo seguinte:
"b) O tratamento documental adecuado e a difusión científica por todas as canles actualizadas, mesmo dixitais dos seus fondos e mais do continente."

Emenda nº7, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 4

Engadir no subapartado c) do apartado 2 o seguinte texto in fine:
"adecuados ás tecnoloxías de cada tempo."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Engadir no apartado 1 despois de "bens culturais mobles", e antes de: "nin ter fins lucrativos", o seguinte texto:
", inmobles e inmateriais,".

Emenda nº9, ao apartado c), de Adición. Artigo 8

Engadir no apartado c) despois de "pública,", e antes de: "así como os de titularidade privada...", o seguinte texto: "autonómica, municipal, provincial,".

Emenda nº10, ao apartado m), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado m) co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envio: 10/11/2020 17:30:31.095

"m) Dotar estes centros de persoal, seguridade e sistemas de conservación, exposicións actuais e acordes cos fins da institución."

Emenda nº11, ao apartado n), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado n) co seguinte texto:
"n) Elaborar un completo inventario en rede e de acceso público de todos os bens rexistrados nos centros museísticos."

Emenda nº12, ao apartado ñ), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado ñ) co seguinte texto:
"ñ) Activar a conservación preventiva que revise o estado de mantemento e conservación dos fondos museísticos con periodicidade anual."

Emenda nº13, ao apartado o), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado o) co seguinte texto:
"o) Impulsar convenios con asignación económica cos centros museísticos locais que non dependen da titularidade autonómica para ensanchar o aproveitamento público dos seus fondos."

Emenda nº14, ao apartado 2.d), de Modificación. Artigo 10

Modificar o texto do subapartado d) do apartado 2, quedando redactado da seguinte maneira:
"d) Oito vogalías, que serán designadas pola persoa titular da consellería con competencias en materia de centros museísticos, entre persoas vinculadas ao ámbito cultural e museístico da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de pluralidade, territorialidade e representatividade das distintas modalidades de centros que regula a lei. Neste sentido, velarase porque estea representado o Consello da Cultura Galega, a Real Academia de Belas Artes, Parlamento de Galicia, Universidades e a FEGAMP."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envio: 10/11/2020 17:30:31.095

Emenda nº15, ao apartado 3.g), de Adición. Artigo 10

Engadir un novo subapartado g) no apartado 3 co seguinte texto:
"g) Fomentar relacións de coordinación entre os museos galegos e de fóra de Galiza, con especial coidado daqueles que posúen bens culturais e museísticos galegos."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:
"3. Promoveranse instrumentos de colaboración interadministrativa entre os museos de titularidade autonómica e os de calquera outra titularidade pública diferente."

Emenda nº17, ao apartado e), de Adición. Artigo 12

Engadir no apartado e) o seguinte texto in fine:
"priorizando a proximidade dos bens ao seu territorio."

Emenda nº18, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 13

Engadir no subapartado d) do apartado 2 o seguinte texto in fine:
"e a comunicación dos máis senlleiros."

Emenda nº19, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 14

Engadir no subapartado c) do apartado 2 o seguinte texto in fine:
"e exhibición ao público."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envío: 10/11/2020 17:30:31.095

Engadir no apartado 1 o seguinte texto in fine: "As pezas excepcionais deben contar con autorización expresa da autoridade."

Emenda nº21, de Modificación. Artigo 17

Modificar o título do Artigo 17 que quedaría así: "Artigo 17. Rexistro Público de Centros Museísticos de Galicia".

Emenda nº22, ao apartado 4, de Adición. Artigo 17

Engadir no apartado 4 o seguinte texto in fine:
"que deberá ser un inventario oficial público actualizado e accesíbel tamén a través das canles dixitais."

Emenda nº23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 18

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:
"3. A Comunidade Autónoma desenvolverá os mecanismos efectivos de coordinación entre a rede de centros museísticos da súa titularidade. Tamén promoverá a necesaria coordinación entre os centros museísticos cuxa titularidade corresponde a outra Administración provincial ou municipal, así como de titularidade privada."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 24

Engadir no apartado 2 o seguinte texto in fine:
", fixando un número mínimo de horas diarias que estarán ben visibles ao público".

Emenda nº25, ao apartado 4, de Adición. Artigo 24

Engadir ao final do apartado 4 o seguinte texto despois de: "un día á semana":

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envío: 10/11/2020 17:30:31.095

"e en todas aquelas datas que celebran festas, tradicións e conmemoracións propiamente galegas (17 de maio, Día das Letras Galegas; 18 de maio, Día dos Museos; 25 de xullo, Día Nacional de Galicia…)."

Emenda nº26, ao apartado 3, de Adición. Artigo 26

Engadir no apartado 3 o seguinte texto in fine:
"Asemade, elaborará o rexistro de bens de importancia esencial."

Emenda nº27, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

Engadir no apartado 1 despois de: "contar cun rexistro", e antes de: "para o tratamento administrativo", o seguinte: "único".

Emenda nº28, ao apartado 4, de Adición. Artigo 37

Engadir no apartado 4 despois de: "de acceso aberto,", e antes de: "con fins sociais", o seguinte texto: "e público".

Emenda nº29, de Adición. Artigo 38

Engadir ao final do Artigo 38 despois de: "aplicación", o seguinte texto:
", tendendo á súa dixitalización e acceso público a través das novas tecnoloxías da comunicación."

Emenda nº30, de Adición. Disposición adicional quinta

Engadir unha nova Disposición adicional quinta, co seguinte texto:
"Disposición adicional quinta
O Museo do Pobo Galego manterá o recoñecemento da súa competencia co seu actual estatuto xurídico para actuar como cabeceira e centro sintetizador das coleccións antropolóxicas de Galiza tras a entrada en vigor desta lei. Para estes efectos

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:30:31
Nº Rexistro: 5095
Data envio: 10/11/2020 17:30:31.095

PARLAMENTO DE GALICIA

manterá igualmente a súa vixencia o previsto no Decreto 111/1993 do 22 de maio."

Emenda nº31, de Adición. Exposición de motivos

Engadir no último parágrafo do apartado II da Exposición de motivos despois de: "sen ánimo de lucro", e antes de: "e mesmo empresas privadas...", o seguinte texto:

", entidades dependentes da Igrexa, do Exército, de diferentes administracións,"

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/11/2020 16:32:50

Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2020 16:33:01

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5327
Data envio: 13/11/2020 14:00:51.948

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 e 11 de novembro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19 (11/INT-000233, documento número 3635).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Ofrecer os datos diarios en formato de datos abertos, así como permitir a súa descarga e importación de series históricas a quen poida interesar.

2. Dar a coñecer os criterios principais, e rangos de referencia destes, que se teñen en conta para avaliar as medidas de restrición que afectan aos concellos e sectores económicos.

3. Ofrecer información diferenciada dos casos activos e novos positivos, distribuídos por distritos sanitarios, nos datos que se facilitan sobre a pandemia.

4. Realizar un informe nun prazo máximo de dúas semanas, e facilitalo ao Parlamento de Galicia, do número de persoal que traballa na Central de Seguimento de Contactos, co seu tipo e condicións de contrato, que recolla o histórico dende o inicio da pandemia.

Pazo do Parlamento, 13 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/11/2020 14:00:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/11/2020 14:00:09

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5329
Data envio: 13/11/2020 14:08:50.699

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 e 11 de novembro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial (11/INT-000223, documento número 3563).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan específico de evacuación que permita a todos as persoas residentes que resulten positivas en coronavirus ser trasladadas, ao coñecer tal resultado, de maneira inmediata a un centro intermedio que existen actualmente para aquelas persoas que non precisen hospitalización ou ingreso.

2. Reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social, encargados da supervisión dos centros de atención residencial para maiores, dotándoos dos medios e recursos humanos e materiais necesarios para poder realizar as súa tarefas correctamente.

3. Incrementar urxentemente e de maneira significativa o número de inspeccións a centros de atención residencial para maiores co fin de garantir o cumprimento rigorosa da normativa aplicable.

4. Elaborar unha memoria por parte da Consellería de Política Social, que presentará no Parlamento de Galicia, na que consten, cando menos, o número de inspeccións realizadas nos últimos dous anos, o resultado de ditas inspeccións, a motivación e tipo de sanción, de ser o caso.

5. Informar ao Parlamento de Galicia dos criterios que definen a tutela que a consellería exerce en todos os centros de atención residencial de maiores en Galicia.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5329
Data envio: 13/11/2020 14:08:50.699

6. Achegar ou incorporar a diario xunto aos datos que se dan a coñecer pola Administración galega: por unha banda, os datos e a porcentaxe de afectación en centros de atención residencial; e por outra, os datos de todos os centros dependentes da Consellería de Política Social que a continuación se detallan:

a- O número de centros de atención residencial de maiores con contaxios de coronavirus, nos que se indique por separado os centros de atención para persoas con discapacidade.

b- A porcentaxe de afectación do virus nestes centros sobre o total, na que se indique por separado os centros de atención parapersoas con discapacidade.

c- O número de contaxios por coronavirus no resto de centros dependentes da Consellería de Política Social.

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/11/2020 14:07:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/11/2020 14:07:49

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 17:12:43
Nº Rexistro: 5339
Data envio: 13/11/2020 17:12:43.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 11 de novembro, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos (doc. núm **3652**, [**11/INT-000235**]).

Moción

"1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

-Negociar coas entidades bancarias o aprazamento dos pagos dos créditos solicitados polo sector.

-Poñer en marcha actuacións de promoción e estímulo nas cidades, por ser as máis afectadas polas restricións derivadas da covid-19, tanto no sector da hostalería coma do turismo.

-Incorporar nos orzamentos da Xunta para 2021 unha partida específica para un Plan integral de rescate do sector dos autonómos, dotada dunha cuantía inicial ampliábel de 200 millóns de euros.

-Abrir unha liña de axudas directas de cando menos 30 millóns de euros para o sector da hostalería e do turismo para compensar como mínimo o 50% das perdas ocasionadas polo peche.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 17:12:43
Nº Rexistro: 5339
Data envio: 13/11/2020 17:12:43.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitar do Goberno do Estado as seguintes medidas:

-Aprazar os pagos do IRPF e do IVE do cuarto trimestre de 2020, até doce meses.

-Ampliar o prazo dos pagos fraccionados do imposto de sociedades.

-Aplicar un IVE reducido do 4% para o sector da hostalería e do turismo.

-Establecer condonacións especiais no pago das cotas empresariais á seguridade social correspondentes ao tempo de peche e de redución drástica da actividade, para aqueles autónomos gravemente afectados polas medidas adoptadas no marco das restricións sanitarias.

-Impulsar as actuacións necesarias para prorrogar un ano o período de amortización e carencia dos préstamos ICO."

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 17:12:43
Nº Rexistro: 5339
Data envio: 13/11/2020 17:12:43.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 13/11/2020 17:11:40

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2020 17:11:50

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os casos de acoso denunciados polas alumnas da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza (ESAD).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de a Xunta adopte medidas para solucionar os casos de acoso sexual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de marzo deste ano as alumnas da Escola de Arte Dramática de Galiza comezaron unha mobilización para denunciar os casos de abuso de poder e acoso sexual que, presuntamente, se deron por parte dalgúns profesores do centro cara elas.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As alumnas atopan, dende o primeiro momento, o apoio do alumnado masculino e das profesoras e das PAS do centro, así como da maioría do profesorado masculino.

Con esta accións de protesta comeza o movemento #unsegredoavoces, un movemento froito da valentía das alumnas e que racha cunha situación que era motivo de ruxes-ruxes na escola dende hai tempo, xa que as denuncias refírense a situacións que se veñen producindo case que dende o inicio da actividade da ESAD, hai 15 anos.

Como primeira acción paralizan a actividade lectiva e poñen en coñecemento de Inspección Educativa a situación que abre expediente e inicia a tramitación.

O problema ben cando a tramitación dese expediente é moi longa e mentres tanto as alumnas terían que seguir nas clases cos profesores acusados, polo que o alumnado segue coas mobilizacións non asisten ás clases.

O principal problema é que non existe un protocolo de actuación en casos de acoso sexual ou por razón de sexo, como hai nas universidades do país. Sen un protocolo os centros non teñen capacidade para atallar os casos de acoso sexual que se producen contra as súas alumnas.

No caso da ESAD de Galiza, ao non ser un centro universitario e estar equiparado a un instituto de bacharelato, non existe eses protocolo, pero é que os institutos de bacharelato tampouco o teñen e se a situación é grave na ESAD onde as alumnas son maiores de idade, cousa que non xustifica de ningunha maneira que estean expostas a sufrir acoso, imaxinemos a situación nun centro de educación secundaria onde as alumnas son menores.

Esta é un exemplo máis da falta de políticas de igualdade da Xunta de Galiza. Unha falta de medidas que deixan as mulleres galegas desamparadas ante situacións de desigualdade, acoso sexual, violencia machista, ...

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG tamén consideramos urxente poñer en marcha programas educativos escolares para a prevención do abuso sexual, para darlle medios as alumnas para detectar estes abusos e denuncialos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Resolver os expedientes abertos aos profesores da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza acusados de abuso de poder e acoso sexual para que as alumnas, especificamente, e o resto da comunidade educativa poidan desenvolver a súa actividade lectiva con total normalidade.

2. Redactar e poñer en marcha protocolos de actuación para a prevención e sanción de acoso sexual e por razón de sexo en todos os centros de ensino do noso país, atendendo a especificidade de cada centro.

3. Poñer en marcha programas educativos para escolares para a prevención do abuso sexual, para darlle medios as alumnas para detectar estes abusos e denuncialos."

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2020 09:44:37

Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2020 09:44:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/11/2020 09:45:03

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 11/11/2020 09:45:12

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2020 09:45:21

Iria Carreira Pazos na data 11/11/2020 09:45:32

Daniel Castro García na data 11/11/2020 09:45:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/11/2020 09:45:53

Alexandra Fernández Gómez na data 11/11/2020 09:46:01

María González Albert na data 11/11/2020 09:46:09

María do Carme González Iglesias na data 11/11/2020 09:46:21

Rosana Pérez Fernández na data 11/11/2020 09:46:29

Daniel Pérez López na data 11/11/2020 09:46:41

María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2020 09:46:52

Noa Presas Bergantiños na data 11/11/2020 09:47:00

Mercedes Queixas Zas na data 11/11/2020 09:47:14

Paulo Ríos Santomé na data 11/11/2020 09:47:25

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:51:41
Nº Rexistro: 5117
Data envio: 11/11/2020 09:51:41.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/11/2020 09:47:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/11/2020 09:47:39

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:00
Nº Rexistro: 5260
Data envio: 12/11/2020 17:09:00.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación do ESTALEIRO BARRERAS DE VIGO.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

No prazo de dúas semanas o persoal da industria auxiliar no estaleiro pasou de 1000 a 300 persoas, con previsión no momento de rexistrar esta iniciativa de quedar en practicamente 0 en breve, e isto debido á falta de pagos da principal ás empresas auxiliares

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5%d do mercado mundial o peso e a importancia de esta industria no deixou de minguar até o actual menos do 1% do total de construción naval civil da UE.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:00
Nº Rexistro: 5260
Data envio: 12/11/2020 17:09:00.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido. Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo, como dicimos, no estado español, que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro BARRERAS na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoloxicamente, e que aínda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de BARRERAS importantes cantidades de diñeiro.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:00
Nº Rexistro: 5260
Data envio: 12/11/2020 17:09:00.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. A promover conxuntamente co MITECO as accións necesarias para acceder ao Consello de administración da empresa.

2. Poñer en marcha a elaboración dun plan industrial e financeiro que garanta un horizonte de estabilidade no sector, e que ao mesmo tempo sirva para relanzar á empresa no mercado internacional.."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:00
Nº Rexistro: 5260
Data envio: 12/11/2020 17:09:00.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2020 16:59:27

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2020 16:59:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/11/2020 16:59:54

María del Carmen Aira Díaz na data 12/11/2020 17:00:08

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2020 17:00:19

Iria Carreira Pazos na data 12/11/2020 17:00:29

Daniel Castro García na data 12/11/2020 17:00:43

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:00
Nº Rexistro: 5260
Data envio: 12/11/2020 17:09:00.262

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 17:00:51

Alexandra Fernández Gómez na data 12/11/2020 17:01:01

María González Albert na data 12/11/2020 17:01:08

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 17:01:20

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 17:01:29

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 17:01:45

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2020 17:01:55

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 17:02:08

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 17:02:21

Paulo Ríos Santomé na data 12/11/2020 17:02:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/11/2020 17:02:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/11/2020 17:02:46

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 09:47:29
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 16/11/2020 09:47:29.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á sentenza do TSXG que anula a aprobación polo Consello da Xunta da construción dun parque eólico no Concello de Mondoñedo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta e o Parlamento se posicionen diante da gravidade dos feitos expostos e da preocupación social xenerada polos mesmos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sala terceira do contencioso-administrativo do TSXG vén de estimar o recurso interposto por unha decena de veciñas e veciños da parroquia das Sasdónigas, no Concello de Mondoñedo, contra a aprobación dun parque eólico que a empresa Norvento pretendía instalar nese emprazamento.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 09:47:29
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 16/11/2020 09:47:29.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O alto Tribunal galego declarou, pois, nulo o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galiza en novembro de 2018 no que se deu visto e prace á modificación do proxecto inicial (aprobado en 2012). A empresa promotora pretendía incluír unha mudanza de modelo de aeroxerador sen contar con todos os informes sectoriais requiridos para valorar correctamente o impacto ambiental da devandita modificación.

Así mesmo, o TSXG sinala no seu fallo que a empresa pretendía realizar "unha división artificial dun único parque eólico en dúas fases" co obxectivo de sortear a lexislación pois a Fase II "carece dos elementos e equipamentos precisos para ser considerada unha instalación independente da Fase I".

Con esta artimaña –agora desmontada e anulada xudicialmente-- a empresa pretendía evitar a análise de elementos arqueolóxicos e unha avaliación global do conxunto do proxecto incluíndo a afectación que tería sobre o Camiño de Santiago e importantes recursos hídricos situados na zona.

Na IX Lexislatura o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa trasladou ao Parlamento as demandas veciñais e a preocupación tamén do movemento ecoloxista polo proceder tanto da empresa promotora (Norvento) como da propia Xunta de Galiza quen, en troca de velar polo interese xeral e a protección ecolóxica e o patrimonio cultural e natural da zona, retorceu a lexislación para favorecer os intereses empresariais de Norvento.

Non é este o único proxecto que se atopa nesta situación, é dicir, con modificacións aprobadas pola Xunta de Galiza e propostas de repontenciación que non cumprirían coa lexislación ambiental en vigor. Outros, como o da Serra do Iribio –tamén denunciados pública, política e xudicialmente-- están baixo sospeita.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 09:47:29
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 16/11/2020 09:47:29.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a revisar, de oficio, todos aqueles proxectos de construción de parques eólicos nos que as empresas promotoras, como aconteceu co das Sasdónigas no Concello de Mondoñedo, pretendan modificalos e mesmo fragmentar a súa construción sen contar cunha avaliación de impacto global nin unha Declaración de Impacto Ambiental actualizada."

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 09:47:29
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 16/11/2020 09:47:29.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 09:32:33

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 09:32:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 09:33:00

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 09:34:47

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 09:34:59

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 09:35:08

Daniel Castro García na data 16/11/2020 09:35:20

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 09:35:32

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2020 09:41:10

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 09:47:29
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 16/11/2020 09:47:29.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 16/11/2020 09:41:20

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 09:41:28

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 09:41:41

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 09:41:50

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 09:42:00

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2020 09:42:12

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 09:42:22

Paulo Ríos Santomé na data 16/11/2020 09:42:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 09:42:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2020 09:42:49

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:54:29
Nº Rexistro: 5372
Data envio: 16/11/2020 11:54:29.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías AG55 e AG57.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de incluír esta medida nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2019, a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:54:29
Nº Rexistro: 5372
Data envio: 16/11/2020 11:54:29.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

A finais do ano 2019, a Xunta de Galiza solicitou aso goberno do Estado aplicación na AP 9 de descontos do 25% da viaxe de volta, tal como se vén aplicando nas autovías de titularidade autonómica.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, o anteproxecto de orzamentos do Estado para o 2021 inclúen unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros. Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias habituais, cando menos do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar nos orzamentos do ano 2021, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:54:29
Nº Rexistro: 5372
Data envio: 16/11/2020 11:54:29.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha lata densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a aplicar, a partir do 1 de xaneiro de 2021, descontos de cando menos o 50% nas viaxes de volta, para todo tipo de vehículos, nas autovías de titularidade autonómica AG55 e AG 57. Asemade, insta á Xunta a estudar o rescate das concesións destas autovías, de modo que se equiparen a outras autovías autonómicas que son gratuítas para as persoas usuarias."

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:54:29
Nº Rexistro: 5372
Data envio: 16/11/2020 11:54:29.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 11:50:12

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 11:50:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 11:50:31

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 11:50:42

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 11:50:53

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:54:29
Nº Rexistro: 5372
Data envio: 16/11/2020 11:54:29.502

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 11:51:09

Daniel Castro García na data 16/11/2020 11:51:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 11:51:33

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2020 11:51:45

María González Albert na data 16/11/2020 11:51:54

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 11:52:04

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 11:52:13

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 11:52:31

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 11:52:43

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2020 11:52:56

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 11:53:05

Paulo Ríos Santomé na data 16/11/2020 11:53:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 11:53:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2020 11:53:56

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4897
Data envio: 05/11/2020 19:16:41.978

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Vega Pérez, José Manuel Tores Courís, Marisol Díaz Mouteira, Raquel Arias Rodríguez, Jose Antonio Armada Pérez, Elena Cándia López, Ramón Carballo Páez e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

A formación constitúe un elemento imprescindible para lograr a competitividade do sector agrario e gandeiro co obxectivo de xerar espazos favorables á cultura empresarial, ao emprendemento e á innovación.

Nun mercado cada vez máis esixente e cambiante, a profesionalización do sector primario mediante a mellora das súas capacitacións e cualificacións profesionais é un reto para as administracións públicas en relación ao coñecemento técnico e produtivo, e en termos comerciais e de xestión.

A necesidade de mellorar a capacitación profesional levou á Xunta a incentivar a profesionalización do sector mediante a incorporación nos Plans de Desenvolvemento Rural (PDRs) distintas medidas de fomento da formación profesional agraria e outras iniciativas orientadas a perfeccionar a formación ocupacional non regrada.

Deste xeito, os programas de formación agraria e forestal favorecen a capacitación e a incorporación de mozos ao sector primario e o aprendizaxe permanente de todos os profesionais favorecendo o desenvolvemento rural, a sustentabilidade, a mellora ambiental, a competitividade, a innovación e a implantación de novas tecnoloxías.

O obxectivo final é que dita formación convértase nun dos instrumentos fundamentais da modernización e avance do medio agrario e, deste xeito, restablecer o equilibro territorial do mundo rural en condicións de vida similares ao das zonas urbanas.

Aínda que na actualidade a oferta de cursos e ciclos formativos relacionadas coa familia profesional agraria é moi ampla, a formación dos agricultores e gandeiros segue considerándose un espazo de mellora, pois o medio agrario precisa de persoal cualificado e escasea a man de obra especializada.
Con este obxectivo a Xunta de Galicia ten en marcha un plan estratéxico de formación agraria, vinculado á Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal). O plan

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4897
Data envio: 05/11/2020 19:16:41.978

desenvólvese en tres piares: a formación regrada, os certificados de profesionalidade e a formación continua, onde se asigna ao CFEA de Monforte a especialización en formación dixital.

A formación on-line pode considerarse como o presente e futuro da educación polas grandes vantaxes que proporciona tanto a alumnado como a profesorado, pola súa versatilidade, xa que pode empregarse para formación a distancia ou como complemento das clases presenciais.

Na actualidade a oferta formación telemática da Consellería do Medio Rural é menor á prevista como formación presencial e, polo tanto, existe unha clara necesidade de fomentala. Ademais, a aparición da pandemia pola covid-19 supón un antes e un despois en moitos campos e a formación a distancia é un deles.

É moi probable que a maior parte dos cursos do programa de formación continua e dos programas de transferencia tecnolóxica non se realicen no ano 2021 ao igual que aconteceu na presente anualidade, por dous motivos principais: a dificultade de dispoñer de locais que cumpran os esixentes requisitos preventivos e, pola outra parte, o reparo a congregar alumando nestas actividades, cando están en marcha limitacións nas reunións de xeito presencial.

O Agacal xa dispón unha plataforma de uso que sería conveniente potenciar incorporando, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Transformala nun espazo de asesoramento e transferencia do coñecemento agrario de Galicia. Así, empregando a potencionalidade da plataforma de formación actual, convertela nunha ferramenta de transferencia de tecnoloxía nos sectores fundamentais do campo galego (agricultura, gandaría, forestal e agroindustrial)
- Inventariar todos os contidos que existen na actualidade (libros, vídeos, presentacións... etc) para incorporalos á devandita plataforma como material de apoio e consulta de acceso libre, xa que na actualidade estes documentos están inconexos. Todos os libros que se publiquen a partir de agora deberan ter un formato axeitado para a súa incorporación na devandita plataforma.
- Realizar un rastrexo das fortalezas e debilidades da formación do sector primario na nosa comunidade coa colaboración de empresas, cooperativas do sector, enfocando esta formación nos nichos laborais e nas necesidades reais de emprego do sector
- Realizar unha convocatoria de actuacións docentes en colaboración coas empresas, asociacións, cooperativas, etc... para determinar as súas necesidades de man de obra cualificada.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4897
Data envio: 05/11/2020 19:16:41.978

- Ofrecer asistencia técnica virtual ao sector, de tal xeito que os usuarios poidan empregala para realizar consultas incorporando nesta faceta aos centros de investigación dependentes da Consellería do Medio Rural.
- Chegar a acordos con entidades como o Instituto de Biodiversidade e Desenvolvemento Rural –Ibader-, O Agro da TVG, revistas especializadas, asociacións, cooperativas e outras administracións que xa propuxeron a cesión de documentación a custe cero.
- Contactar con outras escolas de formación agraria para ter unha base común de presentacións co obxectivo de uniformizar a formación a nivel autonómico ou, en todo caso, establecer liñas de colaboración periódica para dispoñer dun fluxo continuo de información constante entre todas as institucións.
- Incorporar na plataforma, con carácter complementario á formación, iniciativas como bolsas de prácticas en empresas, bolsas de emprego ou calquera outra iniciativa de interese para o sector primario para pechar o ciclo de capacitación-emprego do sector agrario.

En resumo, a mellora da plataforma de formación ten que servir para dar un impulso ao sector primario en termos de capacitación, adaptación aos requisitos da nova política agraria, competitividade e empregabilidade, pero todo isto adaptándose ás características propias das traballadoras e traballadores das industrias agro-gandeiras, e ao mercado, para sexa máis atractiva, amigable en contidos e nun formato que permita atraer novo alumando e empresas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a potenciar a plataforma tecnolóxica web para poñer en valor e ampliar a formación a distancia no agro galego”.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4897
Data envio: 05/11/2020 19:16:41.978

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/11/2020 19:09:59

Daniel Vega Pérez na data 05/11/2020 19:10:18

José Manuel Cores Tourís na data 05/11/2020 19:10:34

María Sol Díaz Mouteira na data 05/11/2020 19:10:46

Raquel Arias Rodríguez na data 05/11/2020 19:10:56

José Antonio Armada Pérez na data 05/11/2020 19:11:18

María Elena Candia López na data 05/11/2020 19:11:40

Ramón Carballo Páez na data 05/11/2020 19:12:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4897
Data envio: 05/11/2020 19:16:41.978

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 05/11/2020 19:12:31

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:04
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 06/11/2020 09:41:04.363

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a avaliación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 25 de maio de 2010 recollía a publicación do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Un Decreto que se rexía polos seguintes principios:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais.

2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo galego.

4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:04
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 06/11/2020 09:41:04.363

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Asemade, na Disposición adicional quinta, sobre avaliación dos resultados, este Decreto regula que, con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da súa aplicación e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

Transcorridos dez anos da súa implantación, ditaminada a ilegalidade parcial do decreto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, concretamente dos artigos 5.2 e 12.3 por seren contrarios a dereito, a Xunta de Galiza non ten ofrecido publicamente os resultados destas avaliacións anuais dos resultados da aplicación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar os datos da avaliación da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario ao longo dos últimos dez anos, en cumprimento do mandato da propia norma, así como o informe das medidas desenvolvidas despois de cada avaliación anual para o cumprimento dos seus principios e obxectivos."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:04
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 06/11/2020 09:41:04.363

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/11/2020 09:27:12

Daniel Castro García na data 06/11/2020 09:27:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/11/2020 09:27:31

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 10:46:55
Nº Rexistro: 4914
Data envio: 06/11/2020 10:46:55.244

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 6 de outubro de 2020 compareceu, a petición propia, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar conta das liñas estratéxicas nas que está a traballar o Instituto Galego de Vivenda e Solo para un novo "Pacto Social pola Vivenda", na que anunciou que recollerá dez novas medidas para a actuación do Goberno nos vindeiros cinco.

Esas novas medidas apostarán, segundo expuxo a conselleira, polo alugueiro, a rehabilitación e a loita contra a exclusión. A falla de concretar en que consistirán esas novas medidas, o que de por si fai que a comparecencia fose precipitada e carente de contido concreto, ningunha desas medidas innovan ningunha orientación estratéxica con respecto ao *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita, xa que este plan desenvolvía unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

En calquera caso, ese novo documento, segundo as propias palabras da conselleira é unha primeira versión non pechada e aberta a cambios coa finalidade de conseguir unha estratexia consensuada, realista e efectiva.

Aínda que descoñecemos por completo o documento, parece pertinente que se incorporen nel medidas que corrixan o fracaso evidente do mencionado Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, incorporando medidas de apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética, con necesidades especiais de integración social, con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 10:46:55
Nº Rexistro: 4914
Data envio: 06/11/2020 10:46:55.244

Tamén entendemos como necesario que se aposte pola calidade habitacional de todos os fogares galegos, favorecendo accións que permitan o correcto mantemento ou rehabilitación do parque inmobiliario, dándolle prioridade á total erradicación das infravivendas en Galicia.

Adicionalmente, é necesario desenvolver medidas potentes que pasen polo impulso prioritario do parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade e aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen ás necesidades da poboación nova e outros colectivos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que no Pacto Social pola Vivenda no que está a traballar o Instituto Galego de Vivenda e Solo se inclúan medidas que:

a)Dean de xeito eficaz apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética e con necesidades especiais de integración social.

b) Prioricen a súa orientación cara ás persoas con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.

c) Aposten pola calidade habitacional de todos os fogares galegos, favorecendo accións que permitan o correcto mantemento ou rehabilitación do parque inmobiliario, priorizando decididamente a total erradicación das infravivendas en Galicia.

d) Impulsen con carácter prioritario o parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade e aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen as necesidades da poboación nova e outros colectivos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 10:46:55
Nº Rexistro: 4914
Data envio: 06/11/2020 10:46:55.244

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2020 10:11:01

Patricia Otero Rodríguez na data 06/11/2020 10:11:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/11/2020 10:11:47

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:03:30
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 06/11/2020 11:03:30.738

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o prezo do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Inleit comunícalle a 146 gandeiros unha modificación á baixa do contrato asinado antes da Covid

Un total de 146 gandeiros galegos que entregan a súa produción á nova planta de Inleit de Teixeiro acaban de recibir unha comunicación na que a industria …

Esta nova saltaba á prensa a primeiros de xullo deste ano. Inleit, esa empresa coa que o PP quere fachendear que vai facer o labor que debera facer ese tan desexado Grupo Lácteo, que para o PP é unha quimera e para nós unha necesidade básica, dábanos a primeira pista do seu papel no panorama da industria láctea en Galiza.

Nada se move para ben no sector do leite. Todo é vello. As tendencias continúan manténdose nunha firmeza que alimenta a apatía no sector, a entrega a unha situación vella de perda de explotacións, aumento en número de cabezas nas que quedan, base territorial insuficiente ao número de cabezas, na maior parte delas, e sobre todo uns prezos por quilo de leite que nos discriminan se os comparamos cos do resto do estado e cos europeos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:03:30
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 06/11/2020 11:03:30.738

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O leite que se produce en Galiza ten, en xeral, uns parámetros de calidade superiores aos doutros lugares do estado. Non hai razón obxectiva, pois, para que os prezos que ofrecen as industrias en Galiza sexan inferiores, a non ser que se deba á oportunidade de facer negocio a costa da suor dos produtores galegos en base á cantidade de leite no mercado, ou (que tamén pode ser) que a debilidade estrutural do sector, a dependencia de procesados alleos e o desinterese do goberno galego pola súa saúde fagan del albo fácil para as industrias depredadoras.

Así, Lactalis-Puleva, industria que recolle no noso país o 20% do leite producido ofrecía aquí contratos para o 1 de marzo con prezos á baixa mentres en Francia aumentaba o mesmo nun 7,5%.

As condicións ofrecidas neste contrato impiden a subida de prezos e afastan aos produtores das tendencias alcistas continuadas do mercado. E este é o grande perigo porque as demais industrias estaban á espera, ao axexo, para medir as súas ofertas aos seus produtores pola rebola de Lactalis.

O bloqueo provocado polas industrias que operan con prezos semifixos ao longo do ano impide que as explotacións galegas se beneficien das recuperacións do mercado. Este bloqueo aumenta a diferenza por quilo entre Galiza e o resto do estado e sitúanos á cola desde hai xa anos.

E así, nos contratos presentados pola maioría das industrias que operan en Galiza inclúese un recoñecemento expreso de que o prezo, digamos, *"pactado"* é superior aos custos de produción.

Conteñen tamén cláusulas que vulneran a legalidade en clave de práctica extorsiva mafiosa propoñendo a morosidade dun mes e que non foi, que nós saibamos, sancionada polo de agora. Hai outras que fan referencia á gardar unha confidencialidade

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:03:30
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 06/11/2020 11:03:30.738

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abusiva e que pretenden evitar que os gandeiros descontentos denuncien diante das organizacións agrarias situacións de abusos contidas no contrato. En definitiva, prácticas ***mafiosas*** en toda regra..

Porque topamos coa Lei da Cadea Alimentaria, verdadeira lei de apuñalamento do agrario. Teoricamente recolle a necesidade de que a venda dos produtos non sexa nunca inferior aos custos de produción dos mesmos pero na práctica... nada resolve e permite trampas descaradas.

No apartado j) do artigo 9.1 da Lei 12/2013 de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria referíndose aos contratos di o que segue:

" Indicación expresa de que o prezo pactado entre produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro, forestal ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador, cobre o custo efectivo de produción."

E quen é o encargado de fixar ese prezo dun xeito obxectivo que non permita variacións interesadas e facilite unha negociación equilibrada?

Quen debe arbitrar esta negociación atendendo a que non se produzan abusos da parte máis forte á máis feble, neste caso o produtor primario?

A ausencia dun referente obxectivo de custe de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custes e a falla dun mecanismo de arbitraxe de parte da Administración galega fai que o sector estea a vontade da industria e da distribución.

Existe, pois, unha extorsión continuada ao sector leiteiro galego cando a industria, polo mesmo produto e coas mesmas calidades paga menos deste lado do río Navia chegando a diferenza ós 4cts.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:03:30
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 06/11/2020 11:03:30.738

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na AGACAL existen mecanismos de investigación que poden fixar custos de produción de xeito obxectivo que poderían servir de referencia para as negociacións onde a Administración Autonómica debera ser a arbitraxe necesaria que evitase este cúmulo de arbitrariedades que erosionan o sector.

Non pode o Goberno galego na lexítima función de defensa dun sector produtivo esencial para a vida do noso rural, intervir cos medios de presión que ten ó seu alcance para arbitrar e mediar entre industria e produtores?

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Exercer o lexítimo rol de arbitraxe nas negociacións entre industria e produtores.

2. Encomendar un estudo obxectivo de custes de produción que poida servir de referencia nas negociacións e nas relacións entre as industrias e os produtores.

3. Recuperar o organismo de interlocución como era a Mesa do Leite, onde se trataban todos os temas que tiñan relación co sector lácteo do noso país con claros beneficios para o mesmo."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:03:30
Nº Rexistro: 4917
Data envio: 06/11/2020 11:03:30.738

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/11/2020 10:57:03

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2020 10:57:13

María González Albert na data 06/11/2020 10:57:27

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2020 10:57:43

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:08
Nº Rexistro: 4928
Data envio: 06/11/2020 11:49:08.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **María González Albert, Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a xestión do Parque Natural da Baixa-Limia Xurés, a coordinación con Portugal na prevención e na extinción dos lumes no mesmo e a situación do PORN e o PRUX que deberían rexer o seu funcionamento

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Natural da Baixa Limia Xurés volveu ser desgraciado protagonista neste 2020 dos peores lumes forestais que teñen acontecido no noso país. Isto foi de novo así a pesares de que resulta impresionante comprobar a cantidade de figuras de protección que ten sobre si o Parque Natural de Baixa Limia-Xurés a pesar das cales continúa a sufrir ano tras ano a falta de interese do Goberno Galego.

Quixeramos lembrar aquí agora, e non é a primeira vez nesta comisión, que o parque Natural da Serra do Xurés pertence á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Geres-Xurés (declarada en 2009) que conta cunha superficie total de 330.874 Has das que 62.916 has. pertencen a Galiza.

Esta reserva da Biosfera inclúe tamén, entre outras figuras, a Zona Especial de Conservación (ZEC) da Baixa Limia (33.920 has.), a Zona de Especial de Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés” (31.287 ha.), zonas de Especial

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:08
Nº Rexistro: 4928
Data envio: 06/11/2020 11:49:08.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) "Baixa Limia-Serra do Xurés" (31.287 ha) e "Baixa Limia" (33.920 ha.)...

A figura de planificación dos espazos incorporados á Rede Natura son os Planos de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN). O PORN do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés data do ano 2009 (publicado no DOG 30 de marzo de 2009).

Por outra banda, a figura de xestión dos parques naturais son os denominados Plans Reitores de Usos e Xestións (PRUX). No ano 2017 a Dirección Xeral de Medio Ambiente Natural encargou a unha empresa a confección do PRUX para o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés. É dicir, que desde a súa declaración como parque natural o 11 de marzo de 1993 o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés non contou con tal ferramenta de xestión que, a día de hoxe, aínda non está aprobada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar ante esta cámara os planes de prevención e recuperación que teña desenvolvido o goberno galego neste espazo protexido así como os seus informes anuais de resultados.

2. Asumir as súas responsabilidades no mal funcionamento do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) do Parque Natural da Baixa Limia-Xurés desde a súa entrada en vigor en 2009 e a poñer en marcha as accións necesarias para reverter a situación actual.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:08
Nº Rexistro: 4928
Data envio: 06/11/2020 11:49:08.852

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobar e poñer en funcionamento de xeito inmediato o Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) do Parque Natural Baixa Limia-Xurés tendo en conta para elo as opinións de todos os sectores implicados nos usos do territorio do parque natural (Comunidades de montes e demais).”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 06/11/2020 11:44:46

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2020 11:44:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/11/2020 11:45:04

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:08
Nº Rexistro: 4928
Data envio: 06/11/2020 11:49:08.852

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2020 11:45:13

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 13:31:37
Nº Rexistro: 4947
Data envio: 06/11/2020 13:31:37.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación das unidades de lactantes e preescolares/escolares no CHUO e ás actuacións que debe levar a Xunta de Galiza para garantir o seu funcionamento separado e correcto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego tivemos coñecemento dunha situación preocupante que se está a dar desde os meses estivais no Complexo Hospitalario de Ourense e que require dunha inmediata corrección por parte da Xunta de Galiza de cara a dar un adecuado servizo hospitalario e asistencial á poboación infantil que acode a este centro.

As unidades referidas comezaron no verán a ter un funcionamento que na práctica podemos afirmar que é unificado, alegándose por parte da organización do centro unha presunta diminución de actividade asistencial no verán e a coincidencia con desfrute de vacacións por parte do persoal. Porén, esta situación seguiuse alongando até a actualidade e, segundo puido saber este Grupo Parlamentar, a finais do mes de setembro coñeceuse de forma informal que estes servizos continuarían así sen data de volta á situación previa.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 13:31:37
Nº Rexistro: 4947
Data envio: 06/11/2020 13:31:37.158

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste momento, polo tanto, non hai unha atención en espazos separados e adecuados axeitadamente e con persoal suficiente, o que supón un grave deterioro asistencial e un paso atrás máis na atención en Ourense á poboación infantil.

Cómpre recordar que a unidade de lactantes abrangue até os dous anos de idade. Nesta unidade aténdense en moitas ocasións bebés de poucos días e crianzas con atencións moi específicas. Estamos a falar de crianzas sen autonomía, que requiren dunha observación e atención moi particular por parte do persoal. Falamos de nenos e nenas cuxa atención require moito tempo, pois algo tan habitual como a canalización dunha vía é especialmente delicado nestes pacientes. Da mesma forma, o persoal debe preparar biberóns, xestionar as tomas ou suplir as ausencias de familiares en nenos e nenas totalmente dependentes.

No que respecta á unidade de preescolares/escolares estamos a falar de nenos e nenas entre 2 e 14 anos, e en ocasións mesmo de ingresos puntuais de pacientes de ata 17 anos por criterio facultativo. A abordaxe e atención é diferente e debe terse en conta que neste abano atópanse situacións que requiren tamén dun seguimento continuado, que é incompatíbel coa atención en paralelo de crianzas de idades máis temperás. Así mesmo, inclúense patoloxías moi específicas como psiquiatría, pacientes cirúrxicos, especialidades moi diversas que precisan dunha atención tamén moi diversa e que require en ocasións unha gran atención.

Polo tanto, non é xustificable unificar estes dous servizos. Por unha banda, a ubicación na que se unificaron non está adaptada para os lactantes e hai serios perigos polas barreiras arquitectónicas. Malia as promesas da Xunta de Galiza neste momento o Materno continúa con importantes deficiencias e unificar estes dous servizos nun mesmo espazo contravén a seguridade das e dos pacientes. Por outra banda, esta

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 13:31:37
Nº Rexistro: 4947
Data envio: 06/11/2020 13:31:37.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguridade tamén se ve comprometida pola diversidade de realidades e necesidades das e dos doentes, que recomendan a atención separada.

Por último, a precarización e o recorte de persoal do CHUO é a razón última desta situación, xa que por exemplo sabemos que na quenda de noite foi reducido o persoal a case á metade após a unificación das unidades e soamente queda unha persoa de enfermaría e unha persoa de TCAE, de maneira que se se produce unha técnica de especial dificultade ou un ingreso é directamente imposible prestar unha adecuada atención ao resto de pacientes ingresados. Así mesmo, o CHUO está actuando de maneira arbitraria e pouco transparente na organización do persoal. En realidade está a reestruturar con afectación ás condicións laborais das e dos profesionais e de diminución de efectivos do cadro de persoal, non só pola desorganización de carteleiras, quendas, vacacións e permisos, senón porque parte do cadro de persoal foi mobilizado a outros servizos de maneira non definida, sen ter en conta os anos de experiencia. Así mesmo, non se está a ter en conta para uns servizos tan específicos coma os sinalados a formación específica en pediatría mentres se move a persoal que si a ten a outros servizos.

Esta situación é intolerable e require dunha corrección inmediata, máis aínda tendo en conta as necesidades da situación derivada da covid-19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 13:31:37
Nº Rexistro: 4947
Data envio: 06/11/2020 13:31:37.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Rectificar de forma inmediata a unificación práctica das unidades de lactantes e preescolares e escolares e garantir o seu funcionamento separado, en espazos separados e debidamente acondicionados e con persoal suficiente, priorizando o persoal con formación pediátrica.

2. Negociar de forma inmediata esta situación co persoal do centro, nos seguintes termos:

2.1 En canto se manteña esta situación, aprobarase unha nova carteleira legal e oficial previa negociación cos representantes dos traballadores e traballadoras das unidades.

2.2 Ofrecerase aos profesionais que pertencen a estas unidades e que, debido á unificación, foron desprazados a outros servizos, a posibilidade de incorporarse a outros servizos de forma estable, ofrecéndose a totalidade dos postos vacantes existentes e mantendo a opción de reincorporarse á unidade de orixe no momento en que os servizos deixen de estar unificados.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 13:31:37
Nº Rexistro: 4947
Data envio: 06/11/2020 13:31:37.158

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2020 13:27:40

María González Albert na data 06/11/2020 13:27:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/11/2020 13:28:01

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2020 13:28:10

Iria Carreira Pazos na data 06/11/2020 13:28:18

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2020 13:28:28

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4965
Data envio: 09/11/2020 09:27:03.734

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á demanda de saneamento da Ría de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ría de Betanzos leva anos agardando polo seu saneamento integral. A pesar de que a ría é Rede Natura 2000 e que se encontra en plena Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo, os vertidos seguen a producirse continuamente sen ningunha consecuencia.

A calidade da auga na Ría de Betanzos deixa moito que desexar como demostra a situación da praia do Regueiro, no Concello de Bergondo, pechada ao baño desde o ano 2011 e, no entanto, tamén está fóra das analíticas de zonas de baño da Xunta desde o ano 2016 pola contaminación da auga por bacterias fecais, despois de 5 anos con resultados por enriba do máximo de contaminación para permitir o baño.

Na Ría de Betanzos existe actividade extractiva de marisqueo con catro polígonos, explotados pola Confraría de Miño. O GAL-04/06 na enseada de Bañobre, que é zona B estacional e cambia a C de maio a outubro. O GAL-04/07 que corresponde á parte externa do esteiro do río Mandeo e que é zona C provisional. O GAL-04/08 que se corresponde coa parte media do esteiro do Mandeo, B estábel e o GAL-04/09 que é a parte interna do esteiro do Mandeo é que segundo os últimos resultados é C provisional.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4965
Data envio: 09/11/2020 09:27:03.734

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación provoca unha evidente perda de emprego, como se demostra no feito de que a confraría de Miño ten actualmente 22 permex, mentres que no ano 2002 tiña 42.

Hai 11 puntos de zona C para o marisqueo na costa galega pola contaminación da auga por bacterias fecais e dous deles son no interior da Ría de Betanzos, ademais do C estacional en Bañobre. A mala calidade da auga e a obriga de enviar o marisco á zona de reinstalación na parte externa da Ria de Ferrol, impide que medre a actividade extractiva polas evidentes perdas que xera.

A todo isto, cómpre salientar o deficiente saneamento de concellos como o de Paderne, que carecen de sistema de depuración propio, xa que só contan con decantadoras, e aos verquidos das redes de saneamento ao mar hai que sumar os continuos verquidos de empresas e industrias aos ríos que desembocan na Ría de Betanzos.

A propia Xunta de Galiza recoñece que ten puntos de verquido localizados nesta ría en diferentes concellos como Miño, Betanzos ou Bergondo. Tamén recoñece o incorrecto funcionamento das depuradoras existentes, a inexistencia de separación de fluviais e fecais, así como a carencia de tanques de tormentas que provoca problemas nas redes de saneamento nas épocas de choiva.

A información que se traslada á veciñanza sobre a situación do saneamento e os resultados das analíticas realizadas é bastante deficiente. En ningunha das páxinas web dos concellos da ría se pode atopar información sobre a situación da rede de saneamento ou os verquidos detectados. As analíticas mensuais que realiza a Xunta sobre a calidade das augas tampouco se fan públicas nas webs dos concellos nin están visíbeis en moitas

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4965
Data envio: 09/11/2020 09:27:03.734

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das praias durante o verán, e limítanse a pór un cartaz onde se indica a insuficiente calidade da auga sen maior información sobre as causas ou as consecuencias do baño.

O BNG leva pedindo nas súas alegacións aos orzamentos da Xunta dos últimos anos que se reserve unha partida para o saneamento integral da Ría de Betanzos sen éxito. Nos orzamentos aprobados para este ano 2020 incluíase unha partida para melloras no saneamento no concello de Paderne de tan só 75.126 euros, mais de cuxa execución nada se soubo. No ano 2012 a Xunta xa prometera un investimento de máis de 2 millóns de euros para unha depuradora no concello de Paderne que nunca chegou a se comprometer nos orzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaboración dun informe sobre a calidade da auga da Ría de Betanzos, a situación do saneamento e os puntos de vertidos, así como dun cronograma das actuacións previstas pola Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda para solucionar estas deficiencias.

2. A construción dunha depuradora nos concellos que actualmente carecen de depuración como é o caso de Paderne asumindo a correspondente partida nos orzamentos de 2021.

3. Creación da Mesa da Ría de Betanzos na que estean representados colectivos medio ambientais, confrarías, representantes dos concellos e dos diferentes grupos políticos que integran as corporacións e técnicos de medio ambiente. Nesta mesa faríase

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4965
Data envio: 09/11/2020 09:27:03.734

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un seguimento da calidade da auga da ría, dos verquidos que se producen e as consecuencias, así como do cronograma acordado pola Xunta para subsanar as deficiencias."

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santómé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2020 09:23:57

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2020 09:24:14

Paulo Ríos Santomé na data 09/11/2020 09:24:22

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2020 09:24:27

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:54:20
Nº Rexistro: 4981
Data envio: 09/11/2020 10:54:20.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o sistema de xestión e plan de usos do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de novembro o xulgado de primeira instancia número 1 da Coruña acordou a execución provisional da sentenza que ordena á familia Franco restituír o Pazo de Meirás ao seu lexítimo propietario, o Estado. Nese auto sinálase a data do 10 de decembro para que a familia faga entrega do inmoble declarado BIC.

Anteriormente, en sentenza do 2 de setembro, o xulgado declarara o Estrado propietario do Pazo e condenara a familia Franco á devolución do inmóbel sen ser indemnizada polos gastos nos que afirmaba incorrer para o mantemento da propiedade.

Tendo en conta a inminente entrega da propiedade ao Estado, cómpre tomar medidas urxentes para garantir a propiedade, a integridade e a unidade dos bens de carácter público que forman parte do BIC Torres de Meirás, así como a protección doutros elementos de grande valor histórico e cultural que neste momento están depositados no Pazo como as pías bautismais de Moraime, as esculturas do Mestre Mateo ou os fondos da biblioteca de Emilia Pardo Bazán.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:54:20
Nº Rexistro: 4981
Data envio: 09/11/2020 10:54:20.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, é necesario que as institucións galegas directamente relacionadas co BIC Torres de Meirás e que participaron no proceso de recuperación, como o concello de Sada, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galiza acorden un sistema de xestión e un plan temporal de usos, en tanto non haxa unha decisión xudicial definitiva sobre a propiedade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Solicitar do Goberno central a cesión do Pazo de Meirás, así como a súa colaboración na financiación dos custos derivados do mantemento e uso.

2. Acordar coa Deputación da Coruña e o concello de Sada o sistema de xestión do BIC Torres de Meirás e ceder ao concello de Sada a xestión das visitas ao inmóbel.

3. Desenvolver xunto coa Deputación da Coruña, o concello de Sada e as entidades da memoria histórica plan temporal de contidos e usos que inclúan cando menos os seguintes ámbitos:

- Usos culturais, relacionados coa historia do Pazo, nomeadamente a súa función de residencia da escritora Emilia Pardo Bazán e depositario de parte da súa biblioteca.

- Usos turísticos relacionados cos programas de visitas ao Pazo e ao predio.

- Usos relacionados coa memoria histórica mediante o desenvolvemento dun programa expositivo, informativo, didáctico e divulgativo sobre a represión franquista,

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:54:20
Nº Rexistro: 4981
Data envio: 09/11/2020 10:54:20.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o espolio de bens por parte da Ditadura e do Ditador, e a loita social, política e institucional pola súa recuperación."

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2020 10:43:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/11/2020 10:43:27

Iria Carreira Pazos na data 09/11/2020 10:43:45

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2020 10:44:02

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:28:28
Nº Rexistro: 5003
Data envio: 09/11/2020 13:28:28.854

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a través dos seus portavoces e da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia motivada pola COVID-19 puxo de manifesto a importancia que teñen os Servizos de Urxencias hospitalarios na atención dos pacientes. Servizos de Urxencias que prestan asistencia e coidados da maior complexidade, que esixen estar convenientemente dimensionados en infraestruturas e adecuadamente dotados en número e capacitación de profesionais sanitarios. Deficiencias importantes, que a crise sanitaria pola COVID-19 visualizou e que reclama que as institucións deban de emendar de maneira dilixente.

A formación de profesionais médicos especialistas en urxencias e emerxencias non existe na actualidade no noso país, a pesar de que leva anos esixindo o seu recoñecemento por parte de sociedades científicas e existe recoñecida desde hai anos neutros países da nosa contorna (22 países UE) e do resto do mundo (EEUU, Canadá, México, Australia, Nova Zelandia, Sudamérica, Sueste Asiático, Países Árabes, varios países africanos, etc.). En España non foi incluída no Anexo 1 do RO 183/2008 do 8 de febreiro polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e desenvólvense determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada. Con todo a UE considéraa de maneira automática como unha especialidade primaria arredor da formación médica especializada. Isto viuse recentemente ratificado coa transposición á lexislación española da Directiva 55/2013, sobre a actualización da directiva de cualificacións, mediante o RO 581/2017. E apoiado na actualidade coa aprobación por parte do Ministerio de Defensa da Especialidade Complementaria de Medicina de Urxencias e Emerxencias, na Sanidade Militar, mediante Orde DEF/2892/2015, do 17 de decembro.

A calidade e seguridade da asistencia sanitaria demanda a existencia destes profesionais especializados, cuxa formación esixiría varios anos. Razóns todas elas que recomendan impulsar o proceso formativo e de recoñecemento da especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias (MUE) xa iniciado no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en 2018.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:28:28
Nº Rexistro: 5003
Data envio: 09/11/2020 13:28:28.854

A atención sanitaria urxente en España supón un volume importante no conxunto de prestacións que o Sistema Nacional de Saúde pon ao dispor do cidadán. En números absolutos, este volume supuxo o ano 2018 arredor de 30 millóns de atencións nos Servizos de Urxencias Hospitalarios (SUH) e uns cuantos millóns engadidos de asistencias levadas a cabo polos Sistemas de Emerxencias Médicas (SEM). Na rede SERGAS aténdense arredor de 1 millón de pacientes ao ano (datos 2019), esta actividade complétase coa da Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061 que atende arredor de 3.000 chamadas e executa arredor de 1.200 asistencias cada día. Así mesmo supón a entrada de case o 60% dos pacientes que ingresan nos hospitais, o que reforza a necesidade de abundar na adecuada formación destes profesionais. O cidadán deu e dá á atención urxente moita importancia. Durante estas últimas décadas, de forma mantida e practicamente constante, o 70% dos pacientes que acoden a urxencias faio por iniciativa propia a pesar de diversos intentos por limitar esta cifra. Por tanto é unha realidade social incontestable que en España, e fóra de España, o cidadán quere acceder a este tipo de atención médica que lle permite utilizar o seu criterio de necesidade. Moitos destes usuarios corresponden a capas de poboación vulnerables, con elevado índice de fraxilidade e cronicidade, que acoden de forma recorrente e aos que os SUH e os SEM españois son os únicos que lles provén unha asistencia permanente durante todo o ano.

Aínda que diminuíu durante os últimos anos, a día de hoxe aínda unha porcentaxe próxima ao 50% dos profesionais que traballan nos SUH e os SEM cambian a outra actividade médica diferente da MUE aos poucos anos de estar nestes servizos. Isto supón unha dificultade á hora de emprender reformas estruturais nos SUH e os SEM e á hora de fidelizar o talento destes profesionais urxenciólogos que actualmente traballan en España, ao non poder equiparar o recoñecemento e as posibilidades de desenvolvemento profesional dos médicos con outros especialistas.

A non existencia do título de especialista en MUE non permite garantir a homoxeneidade de formación de todos os profesionais que exercen nos SUH e os SEM do Sistema Nacional de Saúde, como tampouco asegura a uniformidade nos centos de millóns de actos médicos que cada ano practícanse. Esta situación é excepcional, xa que no resto de actividade médica especializada esta homoxeneidade e uniformidade están presentes. A reivindicación desde hai 30 anos da especialidade de urxencias e emerxencia incumbe exclusivamente aos profesionais que desenvolven a súa actividade nos SUH e nos SEM, independentemente de cal sexa a súa especialidade. Así mesmo non pecha a porta á obtención do título a aqueles e aquelas profesionais que durante anos desempeñaron o labor de urxenciólogos, senón que é posible e necesario tanto que accedan se esa é a súa vocación, e que obteñan o título de especialista previa demostración do traballo realizado e os coñecementos adquiridos, cun baremo que deberá establecer a Comisión Nacional creada para o efecto, e en colaboración coas Sociedades de Medicina Interna e de Medicina Familiar e Comunitaria, especialmente.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:28:28
Nº Rexistro: 5003
Data envio: 09/11/2020 13:28:28.854

A especialidade de MUE non incrementará os custos, partindo da base da existencia de persoais e a non necesidade de crear unha nova realidade administrativa, que xa existe. Os criterios, que cumpre sobradamente a Medicina de Urxencias, e que definen a existencia e, consecuentemente a creación dunha nova especialidade, son basicamente tres. O primeiro deles constitúeo a existencia dun campo de acción específico cunha elevada demanda social. O segundo criterio constitúeo a existencia dun corpo doutrinal. O terceiro criterio é desenvolver un Programa de Formación.

O recoñecemento da MUE en Europa no seu conxunto foi a culminación de moitos anos de traballo, e anima a todos os países da UE para crear a especialidade primaria de MUE, cun período de formación mínimo de 5 anos, segundo o recomendado polo Consello da UEMS-Unión Europea de Médicos Especialistas e a EUSEM- European Union Society of Emergency Medicine. Na reunión do Consello da UEMS en outubro de 2011, créase a Sección de MUE. lsto significa que a MUE é claramente recoñecida como unha especialidade primaria en Europa. Todos os membros desta sección son médicos de urxencias, cada un proposto pola súa sociedade nacional, e cada país da UE ten representación (España tamén, a través da Organización Médica Colexial).

A SEMES-Sociedad Española de Medicina de Urgencias y Emergencias, é unha organización de carácter científico fundada en 1987, rexistrada formalmente, ao amparo da Lei Xeral de Asociacións (Lei 191/1964, do 24 de decembro), que na actualidade agrupa de forma voluntaria a 10.500 profesionais destes Servizos, dos cales 8.000 son profesionais médicos asociados nas 17 Comunidades Autónomas, e cuxa finalidade é promover a calidade da atención aos pacientes, desde o punto de vista técnico, científico, formativo e de xestión, nos sistemas de asistencia ás urxencias e emerxencias sanitarias que dan cobertura a toda a poboación. O colectivo de médicos e médicas de urxencias e emerxencias é o segundo máis numeroso dos que conforman a clase médica no noso país. Por número de socios, SEMES é a terceira sociedade médica de España.

Tamén foron reiterados os apoios formais a esta histórica reivindicación por parte das institucións lexislativas. En 2007 foron aprobadas Proposicións Non de Lei presentadas no Congreso dos Deputados (conxunta PSOE-PP) e no Parlamento Andaluz relativas á creación da especialidade de MUE. No ano 2011 o Pleno do Congreso anuncia que o Gobemo aprobará o decreto co que se poñerán en marcha novas catro especialidades entre elas a de Urxencias. Isto viuse reiterado con nova PNL no Congreso dos Deputados (161/003335) e unha moción no Senado (661/000775) polo PSOE e o PP, nos meses de xuño de 2018, e novembro de 2018. Así mesmo no mes de agosto de 2020 a Consellera de Sanitat Universal i Salut Pública da Generalitat Valenciana realizou unha solicitude na mesma liña. Xa en leste mesmo ano 2020, no mes de outubro, presentouse unha PNL no Parlamento da Rioxa aprobada por unanimidade instando á creación da especialidade de MUE. Foi reiterado tamén o apoio manifesto de practicamente a totalidade das

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:28:28
Nº Rexistro: 5003
Data envio: 09/11/2020 13:28:28.854

administracións autonómicas. Así vén recollido no Informe, que é o primeiro conxunto en España, dos Defensores do Poboo "Servizos de Urxencias Hospitalarios: dereitos e garantías dos pacientes", en xaneiro de 2015, así como no Informe do Consello Económico e Social publicado en agosto de 2015. Estas dúas entidades representativas da Sociedade Civil, amparadas pola Constitución Española, recollen nestes dous informes a petición expresa de creación da especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias.

Todos estes feitos impelen a iniciar directamente xa os trámites de elaboración do Real Decreto de Creación da Especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias, na vía civil en España, que nos permita abordar con maiores niveis de calidade e seguridade, futuras crises sanitarias como a actual COVID-19 ou similares.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central á creación da nova especialidade de "Medicina de Urxencias e Emerxencias", con tramitación preferente e independente á que corresponda a un novo decreto de troncalidade.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2020 10:19:13

Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2020 10:20:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2020 13:27:33

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:31:44
Nº Rexistro: 5005
Data envio: 09/11/2020 13:31:44.706

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Jesús Vázquez Almuíña** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

A crise sanitaria xerada pola COVID-19 está a supoñer un importante custo en medios materiais na Administración de xustiza para garantir a seguridade dos espazos xudiciais e dos traballadores da Xustiza, gastos sobrevidos que están a asumir as Comunidades Autónomas, xestoras das competencias instrumentais en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza.

A execución destas actuacións superan amplamente os servizos predefinidos aos que se circunscribía o sistema de financiamento tras o traspaso de funcións referido aos medios ao servizo da Administración de Xustiza, polo que require a consecuente e ineludible achega económica por parte do Estado, para así poder facer fronte por parte de cada Comunidade Autónoma á nova situación provocada pola pandemia e as medidas que cómpre adoptar na actividade xudicial, tales como equipos de protección, servizos de limpeza reforzados, ampliación do servizo de vixilancia de sedes xudiciais, adaptación de espazos nos edificios para garantir a distancia social, etc.

Non cabe dúbida de que a actual situación de pandemia e os novos gromos crearon e seguen a suscitar unhas obrigas inéditas, non contempladas previamente, e que afectan dun xeito fundamental ao funcionamento da Xustiza, pese ao cal, os orzamentos xerais do Estado non prevén ningunha partida para contribuír aos ditos gastos extraordinarios para a Administración de xustiza para as Comunidades Autónomas con competencias transferidas.

É por isto que cómpre que nesta situación excepcional o Goberno Central compense e prevea unha partida de transferencias para as Comunidades Autónomas que están a investir importantes recursos en dotar de equipos de protección individual aos traballadores dos órganos xudiciais, en reforzar xulgados e en incrementar limpezas nas sedes xudiciais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:31:44
Nº Rexistro: 5005
Data envio: 09/11/2020 13:31:44.706

grupo parlamentario popular de galicia

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno da Nación unha partida suficiente para as Comunidades Autónomas con competencias transferidas en materia de Xustiza para contribuír a custear os gastos sobrevidos pola pandemia na Administración de Xustiza e non contemplados no sistema de financiamento no momento do traspaso de competencias".

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 13:31:44
Nº Rexistro: 5005
Data envio: 09/11/2020 13:31:44.706

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2020 13:17:20

Paula Prado del Río na data 09/11/2020 13:26:22

José Manuel Rey Varela na data 09/11/2020 13:26:33

María Sol Díaz Mouteira na data 09/11/2020 13:26:59

José Antonio Armada Pérez na data 09/11/2020 13:27:11

José Alberto Pazos Couñago na data 09/11/2020 13:27:25

Noelia Pérez López na data 09/11/2020 13:27:37

Jesús Vázquez Almuíña na data 09/11/2020 13:28:05

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:18:51
Nº Rexistro: 5079
Data envio: 10/11/2020 17:18:51.496

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados e deputado **María González Albert, Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as condicións laborais e a falta de recursos dos vixilantes forestais do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (PLADIGA) é un sistema complexo no que moitas patas diferentes terían que conxugarse para protexer ao noso país dun dos grandes focos de destrución dos nosos montes: os lumes forestais.

Dentro do PLADIGA 2020 establécense como labores dos vixilantes fixos do SPDCIF as seguintes:

- *Observarán o campo para a localización de posíbeis focos de lume, situaranos e transmitiranos ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.*
- *Manexarán e observarán as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posíbeis focos de lume.*
- *Terán coñecemento dos equipos de comunicación e do seu manexo, de acordo coas normas establecidas para a transmisión.*
- *Colaborarán na transmisión de mensaxes.*

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:18:51
Nº Rexistro: 5079
Data envio: 10/11/2020 17:18:51.496

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Informarán ao CCP ou CCD de calquera incidencia que puidera ocorrer no seu entorno.*

- *Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.*

- *Será responsable, na súa quenda de traballo, do mantemento e adecuado funcionamento do punto de vixilancia.*

- *Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.*

- *Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008).*

A rede de puntos de vixilancia está constituída polos postos de vixilancia localizados en edificacións ou instalacións aprobadas pola Consellaría do Medio Rural que consta actualmente de 44 postos de vixilancia segundo se determina no Anexo 6 do PLADIGA 2020 que, ao tempo, afirma que "*A dotación de medios humanos na Rede de puntos de vixilancia dimensionarase segundo as necesidades do servizo e con vixilantes repartidxs en quendas de traballo na época de maior perigo de incendios, reducíndose a presenza de persoal nas épocas de perigo baixo e moderado*".

Con estas premisas sería sinxelo deducir que as e os vixilantes forestais son un persoal chave na detección precoz dos lumes para evitar a súa propagación e facer que a

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:18:51
Nº Rexistro: 5079
Data envio: 10/11/2020 17:18:51.496

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa afección sexa ao menor número de hectáreas posíbeis mais, tamén, para detectar actividades sospeitosas nos montes que eviten ou freen, en momentos determinados, até o seu mesmo inicio.

Porén, a teimuda realidade insiste en demostrar que para a Consellería do Medio Rural xs vixilantes forestais semellan ser unha peza menor que non merece traballar coas mínimas condicións necesarias para exercer a súa labor.

Así, ao sucesivo e paulatino peche de casetas de vixilancia únese a evidente escaseza de persoal (repercutido tamén pola falta de emisoristas con moitas prazas sen cubrir) cunha OPE (a última e insuficiente – só 75 prazas) publicada no DOG do 4 de marzo de 2019 e aínda hoxe sen efectivizar.

Esta inacción e deixadez de funcións á hora de celebrar as OPEs convocadas deriva nunha deficiencia constante no servizo ao non cubrir as prazas sen cubrir de emisoristas (por baixas máis non só), facendo que moitas veces, xs vixilantes teñan que baixar ás oficinas deixando as casetas sen persoal en época de alto risco.

Na práctica atopámonos cunhas e cuns profesionais que carecen de dotación de medios públicos: con malos accesos ás torres de vixilancia, usando na maioría dos casos o seu vehículo particular e sen emisora para os seus desprazamentos desde a súa vivenda até o posto de traballo cos evidentes problemas de seguridade que isto supón tendo en conta que a maior parte das torres de vixilancia están situadas en lugares solitarios e de difícil acceso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:18:51
Nº Rexistro: 5079
Data envio: 10/11/2020 17:18:51.496

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Convocar unha OPE que cubra a imperiosa necesidade de persoal so Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (SPDCIF) en xeral e nas casetas de vixilancia en particular

2. Dotar aos vixilantes dos medios precisos para desenvolver o seu traballo tanto no que ten a ver co seu desprazamento até o punto de traballo como ás condicións de seguridade neses mesmos desprazamentos; nomeadamente emisoras e vehículos.

3. Arranxar as pistas de acceso ás torres de vixilancia que hoxe se atopan en mal estado para garantir a seguridade do persoal nos seus desprazamentos até e desde o seu posto de traballo."

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:18:51
Nº Rexistro: 5079
Data envio: 10/11/2020 17:18:51.496

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 10/11/2020 17:12:23

María del Carmen Aira Díaz na data 10/11/2020 17:12:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/11/2020 17:12:43

Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2020 17:12:58

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:21:15
Nº Rexistro: 5087
Data envio: 10/11/2020 17:21:15.966

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Concello de Cedeira leva moitos anos pedindo unha necesaria ampliación das instalacións do seu centro médico para mellorar os servizos asistenciais que a Xunta ofrece aos seus cidadáns, escaseza de consultas, deficiencias estruturais no servizo de urxencia, ausencia de sala de reunións e a falla dunha sala propia para a área de pediatría son algúns dos problemas que existen no centro de saúde, aos que se lle poden engadir goteiras, malos olores e accesos deficientes.

O concello de Cedeira, despois das mobilizacións sociais e un acordo da corporación municipal, conseguiu que nunha reunión celebrada no 2017 coa Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol, os responsables sanitarios recollesen a demanda da cidadanía de Cedeira e declarasen que existían posibilidades reais de que se realizase a dita actuación, dentro do Plan funcional da Área Sanitaria de Ferrol, recoñecendo as limitacións das instalacións actuais.

A finais do 2017, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposición non de lei, aprobada co apoio do Partido Popular, na que se instaba á Xunta de Galicia a dialogar co Concello de Cedeira sobre os servizos de asistencia sanitaria dispoñibles no municipio, e a posibilidade de chegar a acordos para a mellora do centro de saúde e a súa ampliación.

En xuño do 2018, o Sergas envioulle ao Concello de Cedeira unha solicitude para pedirlle colaboración co fin de incrementar o espazo construtivo do centro de saúde, mediante a cesión de terreo ou espazos anexos xa construídos, recoñecendo as necesidades asistencias deste concello.

Días despois, en contestación á dita solicitude, o Concello remitiulle á directora xeral de recursos económicos do Sergas, a documentación relativa a cesión da parcela necesaria para a realización da obra e un anteproxecto da ampliación do centro médico, así como unha petición formal de que a maior brevidade posible, os técnicos do Sergas, inspeccionaran o espazo proposto para determinar as actuacións urbanísticas que sexan preciso realizar. O Concello de Cedeira fixo os seus deberes coa compra da propiedade, por valor de 60.000 euros, garantindo a viabilidade do proxecto e a posterior cesión desta propiedade á Consellería de Sanidade.

A partir deste momento e despois de admitir as necesidades asistencias de Cedeira, a Consellería de Sanidade desapareceu e non contestou aos requirimentos da cidadanía, amosando unha falla absoluta de compromiso do goberno galego coa veciñanza deste

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

concello, máis dun ano estivo esperando o concello a unha reunión a que non accedeu o anterior Conselleiro de Sanidade.

As deficiencias do actual centro amósanse en maior medida na actual situación de crise sanitaria, xa que despois dunha xuntanza entre os representantes do concello e a coordinadora do centro de saúde, detectaron moitos problemas para a atención diaria: nos análises, nas consultas de sintrom, nas consultas diarias e nas urxencias, xa que o centro só dispón de dúas entradas, unha delas pechada ata as 3 de tarde que abre o PAC, causando interminables colas que fan que as persoas que acoden ao centro, sobre todo, maiores que son a poboación máis vulnerable, teñan que esperar no exterior do centro, sufrindo ás inclemencias da meteoroloxía.

Agora co nomeamento dun novo conselleiro de Sanidade, o Goberno galego ten a posibilidade de cumprir coa veciñanza de Cedeira e o acordado no Parlamento de Galicia, facendo realidade un investimento sanitario de vital importancia para a cidadanía de Cedeira.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a manter os compromisos da Consellería de Sanidade coa cidadanía de Cedeira, reunindose co Goberno local da dita localidade para facer realidade a necesidade de ampliación do centro de saúde desta localidade.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2020 16:41:22

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2020 16:41:47

Marina Ortega Otero na data 10/11/2020 16:41:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2020 16:42:16

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:21:44
Nº Rexistro: 5088
Data envio: 10/11/2020 17:21:44.387

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Inmersos na segunda ola da crise da covid-19, un novo peche das canles de restauración ameazan con novas perdas no sector agrogandeiro do noso país, o sector da carne en Galicia está en perigo e ás máis de 10.500 explotacións profesionais existentes, con preto de 20.000 empregos están en risco entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, pero ademais do terrible efecto económico que causaría esta situación, a implantación de gran parte destas explotacións no territorio da montaña galega, tería un efecto devastador no ámbito social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que debe ter as ditas explotacións como base esencial contra o abandono e a loita contra os incendios forestais.

Outros sectores con perdas como as explotacións de leite e a horta do noso país deben contar con todas as medidas posibles da Administración autonómica para facer fronte a este difícil momento para un sector estratéxico do noso país e do noso equilibrio territorial.

A crise da covid-19 causou un caída importante do consumo de produtos do noso sector primario, derivado dos peches no canal de restauración, coa caída do turismo e nos cambios de hábitos de consumo, coa chegada desta segunda ola, todo parece indicar que a dita crise estará presente durante todo o ano 2020 e no primeiro semestre do 2021.

En Galicia o sector primario é vital para a nosa economía e foi esencial nos momentos máis duros da pandemia, garantindo o abastecemento de alimentos á cidadanía. Co peche dos mercados locais e feiras, todo o peso caeu nas grandes cadeas de alimentación, que causou un forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores observaban como aumentaba o gasto na súa cesta da compra.

Cómpre que o Goberno galego se implique a fondo en todas aquelas actuacións que axuden a sobrevivir a un sector de vital importancia para o noso país, o primeiro paso debería ser que a propia Administración autonómica introducise

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:21:44
Nº Rexistro: 5088
Data envio: 10/11/2020 17:21:44.387

nos servizos de comedores xestionados directamente e nos contratos dos servizos de comedor e *catering* dependentes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, fórmulas que primen a utilización de produtos de proximidade, tal e como veñen facendo outras comunidades autónomas do noso país, ademais de buscar convenios para impulsar o consumo de produtos da terra en entidades privadas que xestionan servizos de comedor e *catering*.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer mecanismos para que os servizos de comedores e catering dependentes da Xunta de Galicia, prioricen a utilización de produtos de proximidade, axudando a paliar os efectos da crise nos sectores de produción agrogandeira do noso país.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2020 16:44:40

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/11/2020 16:44:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2020 16:45:16

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 18:05:06
Nº Rexistro: 5100
Data envio: 10/11/2020 18:05:06.521

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para garantir a seguridade sanitaria no uso do transporte colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega. Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo as actividades cotiás, unha grande parte dos galegos e galegas recorren ao transporte público en formas diversas, como son o tren, o autobús ou no caso das vilas que dispoñen deste servizo, do barco.

Data envio: 12/11/2020 09:50:45.817

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en demanda de apoio á lingua galega como lingua vehicular do ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Comité de Expertos do Consello de Europa que avalía o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias ditou en 2019 o terceiro informe de avaliación da súa aplicación por parte dos estados asinantes.

Após os informes negativos previos de 2012 e 2016, este último de 2019 representa un maior nivel de crítica ao goberno galego no que ten a ver co ensino e a caída evidente do uso da lingua no país.

Neste sentido, o Consello de Europa demanda con urxencia que se "eliminen as limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación precisos" e que se "fagan públicos os informes de avaliación dos organismos supervisores no ensino".

O Consello de Europa é, unha vez máis, moi crítico coa política lingüística da Xunta, á que advirte de que o nivel de aplicación da Carta en Galiza non mellorou significativamente desde o último seguimento.

O organismo europeo recrimina ao goberno galego que a presenza do galego é insuficiente no ensino, nomeadamente a nivel preescolar, e volve advertir de que no

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:50:45
Nº Rexistro: 5200
Data envio: 12/11/2020 09:50:45.817

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ensino secundario non se impartan as grandes materias científicas nesa lingua en vías de normalización.

Ademais, lembra que a actual normativa non permite impartir máis do 50% das materias en galego no ensino non universitario e que non hai posibilidade de que o estudantado opte por ter unha educación integramente en galego en ningún centro.

Un informe do Consello de Europa que ratifica os datos sociolingüísticos que veñen confirmando desde o Instituto Galego da Estatística a respecto do grave descenso na competencia e no uso do galego por parte da infancia.

Neste sentido, o IGE verificou que a cuarta parte dos nenos e nenas galegas sabe falar galego pouco ou nada, un descenso de case seis puntos máis que a comezos de século, debido en boa medida á quebra na transmisión xeracional, o que deixa a escola como única posibilidade de adquisición da lingua propia e oficial, que a actual normativa educativa invalida.

Ao fío da recente proposta do Ministerio de Educación, que recolle no seu Proxecto de lei que modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación a obrigatoriedade de garantiren as Administracións educativas o dereito do alumnado a recibiren ensino en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, o goberno do Partido Popular volve instalarse na mentira e na negación do galego como lingua vehicular en igualdade de condicións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:50:45
Nº Rexistro: 5200
Data envio: 12/11/2020 09:50:45.817

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego acorda, por resolución, manifestar o seu apoio á lingua galega como lingua vehicular do ensino como lingua propia e oficial como regula o artigo 5 do Estatuto de Autonomía e rexeitar os renovados discursos de odio empregados pola ultradereita que amparan unha firme vontade de ruptura da cohesión social.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir as súas competencias dando cumprimento da Disposición quinta do Decreto 79/2010 do plurilingüismo que regula a obriga de avaliar anualmente a implantación deste decreto.

Asemade, insta a Xunta a impulsar unha nova normativa educativa que substitúa a vixente co obxectivo de garantir unha adecuada adquisición da competencia lingüística en galego desde o ensino obrigatorio."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García,
Deputada e deputado do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:50:45
Nº Rexistro: 5200
Data envio: 12/11/2020 09:50:45.817

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 09:49:04

Daniel Castro García na data 12/11/2020 09:49:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/11/2020 09:49:21

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:09
Nº Rexistro: 5209
Data envio: 12/11/2020 11:04:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as compensacións económicas para mariscadores e mariscadoras pola dragaxe da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE do 22 de setembro publicou o anuncio da Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), sobre a aprobación definitiva do proxecto "Dragado ambiental de los sedimentos de la ría do Burgo".

A Orde do 28 de setembro de 2020, publicada no DOG do 29 de setembro, modifica "determinados plans de explotación marisqueira con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo".

A Confraría de Pescadores da Coruña presentou recurso de reposición a esta Orde, solicitando que nela se aseguraran -previo acordo das administracións implicadas no proxecto e da propia Confraría- as compensacións económicas para as e os afectados e tamén para a entidade durante o tempo que duren as obras e ata o inicio da práctica do marisqueo con normalidade.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:09
Nº Rexistro: 5209
Data envio: 12/11/2020 11:04:09.792

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este recurso foi desestimado pola Consellaría do Mar alegando que ela non é nin titular nin executora do proxecto de dragaxe e asegurando que as posíbeis compensacións económicas corresponden á administración do Estado.

Desestimación que se produce sen que a Consellaría do Mar acudise, nin dese ningún tipo de explicación sobre a súa inasistencia, á convocatoria que a Confraría de Pescadores da Coruña fixo ás dúas administracións implicadas para tratar este tema e que tería lugar a finais do mes de outubro.

Tampouco se tivo en conta na desestimación que, no pasado (2009, 2010, 2011 ...), a propia Consellaría estableceu convenios coa Confraría da Coruña para a realización do plan de recuperación da ría do Burgo, mediante os que comprometía determinadas cantidades económicas para as e os afectados.

O 04 de novembro, o MITECO anuncia o inicio da contratación das obras de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

A día de hoxe, aínda non están garantidas as medidas económicas compensatorias que percibirían as mariscadoras e mariscadores e a Confraría durante o período que duren as obras (entre 21 e 26 meses).

Tal e como indicara no seu día a Mesa da Ría do Burgo -constituída pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en defensa da ría do Burgo, a Universidade da Coruña e os Concellos de Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros-, consideramos que as compensacións económicas para o sector marisqueiro son necesarias xa que a paralización da actividade mentres se executa a dragaxe ocasionará graves perdas económicas e mesmo pon en risco a posibilidade de retomala unha vez remate a actuación.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:09
Nº Rexistro: 5209
Data envio: 12/11/2020 11:04:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta incomprensíbel que aínda non estea resolto este extremo cando o comezo das obras parece xa moi próximo e cando existen mecanismos legais suficientes para facelo. E aínda é máis sorprendente que a Consellaría do Mar se desentenda do problema sen máis, sen acudir a dialogar coa Confraría e sen interesarse polo futuro dos 49 mariscadoras e mariscadores a pé, dos 29 a flote e da propia Confraría.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Manter urxentemente unha reunión coa Confraría de Pescadores da Coruña na que se traten as compensacións económicas para as persoas afectadas mentres dure a suspensión da actividade extractiva por mor das obras de dragaxe da ría do Burgo.

2. Comprometerse a levar a cabo todas as actuacións necesarias para buscar solución á situación económica do sector marisqueiro e da Confraría da Coruña mentres duren as obras de dragaxe da ría do Burgo e ata que se poda reiniciar a actividade con normalidade.

4. Instar ao goberno estatal a chegar a acordos coa propia Xunta de Galiza e a Confraría da Coruña para poñer en marcha os mecanismos legais existentes para dar unha solución económica inmediata ao sector marisqueiro e á Confraría durante o período de duración das obras de dragaxe da ría do Burgo e ata que se poda reiniciar a actividade con normalidade."

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:09
Nº Rexistro: 5209
Data envio: 12/11/2020 11:04:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 11:00:23

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 11:00:28

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 11:00:40

Daniel Castro García na data 12/11/2020 11:00:47

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2020 11:00:56

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:11
Nº Rexistro: 5223
Data envio: 12/11/2020 13:31:11.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Rosana Pérez Fernández**, **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o emisario submarino e o saneamento do concello e ría de Muros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2018, un tramo do emisario submarino de saneamento do concello de Muros, duns 100 metros de lonxitude, apareceu flotando á deriva. Salvamento Marítimo, após de ser avisado polos mariñeiros que o localizaran, procedeu a remolcalo ata a explanada portuaria.

O emisario, que debera estar situado na punta de A Vouga, permaneceu ata hai moi poucos meses na explanada do porto e o caso é que nin a cidadanía de Muros en xeral, nin os mariñeiros en particular, saben con certeza se foi reparado ou reposto despois daquel desprendemento.

A situación do saneamento no concello de Muros é unha preocupación constante dentro do sector do mar do municipio, principalmente na zona de Esteiro onde as últimas análises realizadas poñen de manifesto a superación dos parámetros establecidos para as verteduras de augas fecais e, polo tanto, está latente o risco de que o banco marisqueiro situado nesa zona perda a cualificación actual, con todas as consecuencias que iso conlevaría para as mariscadoras e mariscadores da zona.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:11
Nº Rexistro: 5223
Data envio: 12/11/2020 13:31:11.599

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No concello de Muros existen moitas zonas sen rede separativa de augas fluviais e fecais e, coas choivas, satúrase a EDAR e o seu funcionamento non é o correcto. Amais diso, hai puntos nos que seguen a existir verteduras directas de augas residuais que mesmo se ven saír directamente ás praias.

Aínda a día de hoxe a situación é tan deficitaria que hai parroquias enteiras sen dotación de rede de saneamento, como Torea e Abelleira, onde se sitúa un dos bancos marisqueiros máis importantes do termo municipal de Muros. E, a excepción da parroquia de Serres e de Muros, todas as demais teñen tramos sen rematar e zonas con problemas.

O plan de control de vertidos da Xunta de Galiza, implantado no 2009, foi obxecto de numerosas novas de prensa para publicitar actuacións ata o 2023. E recentemente, a Consellaría de Infraestruturas avanzou que dou traslado á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea de proxectos sen concretar por preto de 700 millóns de euros cos que, en parte, pretende estender os servizos de depuración e de saneamento das augas das rías.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar a cabo todas as accións que sexan necesarias para reducir os puntos de verteduras contaminantes na ría de Muros, nomeadamente nas zonas de Esteiro e Abelleira adoptando, entre outras medidas, as seguintes:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:11
Nº Rexistro: 5223
Data envio: 12/11/2020 13:31:11.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Eliminación dos puntos de verteduras identificados pola Xunta de Galiza na ría de Muros.

2. Mellorar as instalación de tratamento e depuración de augas residuais no concello de Muros."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 13:28:58

Alexandra Fernández Gómez na data 12/11/2020 13:29:07

Paulo Ríos Santomé na data 12/11/2020 13:29:14

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:11
Nº Rexistro: 5223
Data envio: 12/11/2020 13:31:11.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2020 13:29:19

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:57:05
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 12/11/2020 13:57:05.536

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Dominguez, Diego Calvo Pouso e Borja Verea Fraiz** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de Motivos:

Ferrol, unha cidade que desde o seu nacemento estivo vinculada ao mar, á Armada Española e ao sector naval, atópase sumida nunha profunda crise. Debido ás mal chamadas reconversións socialistas e aos vetos de Europa sobre as antigas Bazán e Astano, o traslado da presencia da Armada ao Sur e o retraso na chegada de infraestruturas básicas como a autopista ou a mellora do ferrocarril han ocasionado que ao longo dos anos Ferrol perdera poboación situándose actualmente en torno aos 65.000 habitantes, sendo a cidade de Galicia coa taxa de paro mais alta e coas tasas de actividade e de ocupación mais baixas.

A comarca de Ferrol vive unha situación de emerxencia industrial coa ameaza ao emprego de milleiros de familias do sector naval público debido á falta de carga de traballo a curto prazo ante a incerteza e o silencio por parte do Goberno Central para o inicio da construción das futuras Fragatas F-110 a medio prazo e a paralización do proxecto de Estaleiro a longo prazo.

A esta situación hai que sumar no último ano o peche da central térmica de As Pontes e a ameaza de peche de Alcoa en San Ciprián.

Neste ámbito e ligado á construción das Fragats F-110, Navantia presentou baixo a presidencia de Esteban Vilasánchez unha iniciativa orientada a reforzar a súa competitividade e a estabilizar o seu liderado mediante a incorporación de alta tecnoloxía e a diferenciación respecto a outros subministradores de produtos e servizos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:57:05
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 12/11/2020 13:57:05.536

Procuraba ademais potenciar novas liñas de actuación para a diversificación das súas vendas cara outros segmentos de mercado, como a eólica mariña, que posúe unha importancia estratéxica para a economía da comunidade.

A política de apoio integral ao sector naval desenvolvida pola Xunta, en estreita colaboración cos distintos estaleiros, a industria auxiliar, outras institucións e, por suposto, cos traballadores, motivou un apoio decidido a este proxecto ao abeiro da Axenda Industria 4.0 de Galicia.

Así, un dos piares nos que se fundamenta o proxecto do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol son dúas unidades mixtas de investigación que reciben axudas da Axencia Galega de Innovación, Gain, para innovar no proceso produtivo mirando ao futuro.

Son, polo tanto, máis de 7 millóns de euros os que se están a investir na modernización do estaleiro ferrolán grazas ao impulso da administración galega para lograr atraer novos contratos.

O Estaleiro 4.0 integra infraestruturas para compactar as distintas áreas de traballo e mellorar as capacidades de nova construción e reparacións. Neste contexto, precisamente, un elemento clave do Estaleiro 4.0 será un dique seco cuberto para a construción de buques, que substituirá ao proceso actual de construción en bancada, máis lento e custoso e é estratéxico para a construción das propias Fragatas F-110 e para a competitividade no futuro para obter carga de traballo.

A realidade dos últimos dous anos de Goberno do PSOE en Madrid, coa incorporación de PODEMOS nos últimos meses, foi que a pesar de estar elaborado polo goberno anterior o Proxecto de Taller de Subbloques con financiamento plurianual (que este ano se perderá), nin Navantia presenta a solicitude de licencia nin o Concello de Ferrol facilita a súa concesión para a unha infraestrutura clave.

Respecto do Proxecto de Transformación do Estaleiro 4.0, onde destaca como infraestrutura mais relevante o dique seco cuberto, cun proxecto básico elaborado polo goberno anterior e un investimento previsto de 400 millóns de euros, a realidade indica

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:57:05
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 12/11/2020 13:57:05.536

grupo parlamentario popular de galicia

a paralización do Estudo de Impacto Ambiental, a punto de caducar, porque o Estado non presenta sequera o aval para a tramitación, o que desde logo retrasará anos a elaboración da Declaración de Impacto Ambiental e do proxecto de execución, polo que o inicio da obra real quedará moi lonxe no tempo mentres a situación de emerxencia social, económica e laboral increméntase día tras día na Comarca Ferrolá.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

1- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España á presentación dos proxectos, licencias e autorizacións, así como o financiamento previsto e necesario para o taller de subbloques e para a transformación do Estaleiro 4.0, especialmente no que se refire ao Dique Seco cuberto.

2- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a realización da modernización do Estaleiro 4.0 a través dos novos Fondos Europeos.

3- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a solicitude á Comisión Europea da consideración do sector naval como estratéxico permitindo a excepcionalidade na restrición dos fondos europeos para que o sector naval de Ferrol poida beneficiarse de axudas a fondo perdido.

Santiago de Compostela, 12 de novembro 2020.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:57:05
Nº Rexistro: 5234
Data envio: 12/11/2020 13:57:05.536

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/11/2020 13:47:48

José Manuel Rey Varela na data 12/11/2020 13:48:12

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 12/11/2020 13:48:47

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/11/2020 13:49:00

Cristina Sanz Arias na data 12/11/2020 13:49:19

José Antonio Armada Pérez na data 12/11/2020 13:49:39

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/11/2020 13:50:01

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/11/2020 13:50:12

Diego Calvo Pouso na data 12/11/2020 13:50:34

Borja Verea Fraiz na data 12/11/2020 13:50:47

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5237
Data envio: 12/11/2020 14:44:45.018

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo López, Borja Verea Fraiz e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en pleno.**

Exposición de motivos:

O proxecto de lei de orzamentos xerais recolle un incremento do 2,34% das transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado a través dunha serie de distribución claramente prexudiciais para as entidades locais galegas, dado que non incorporan indicadores que modulen esta participación con base en criterios demográficos e xeográficos (crecemento vexetativo negativo, avellentamento, dispersión poboacional, número de núcleos de poboación, ...).

Integrar estas variables resulta imprescindible para os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Co actual sistema de financiamento, os nosos concellos deben facer un maior esforzo para manter en parámetros de calidade aceptable unha prestación de servizos que resulta máis custosa por efecto da dispersión e o despoboamento, que se acentúan nos concellos do interior galego.

Desde a Xunta de Galicia, trátase de compensar este desfase incrementando o financiamento das entidades locais a través de mecanismos de financiamento non condicionado, como o Fondo de Cooperación Local, pero é responsabilidade do Goberno garantir a suficiencia financeira dos concellos como base da autonomía local.

En base ao anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5237
Data envio: 12/11/2020 14:44:45.018

grupo parlamentario popular de galicia

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central a incorporar nos PGE criterios demográficos e de dispersión xeográfica na distribución das transferencias ás entidades locais por participación nos ingresos do Estado garantindo deste xeito a suficiencia financeira como base da súa autonomía local"

Santiago de Compostela, 12 de novembro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/11/2020 14:40:48

Paula Prado del Río na data 12/11/2020 14:41:03

José Manuel Rey Varela na data 12/11/2020 14:41:20

María Sol Díaz Mouteira na data 12/11/2020 14:41:32

José Alberto Pazos Couñago na data 12/11/2020 14:41:45

Diego Calvo Pouso na data 12/11/2020 14:42:00

Borja Verea Fraiz na data 12/11/2020 14:42:17

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5237
Data envio: 12/11/2020 14:44:45.018

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 12/11/2020 14:43:02

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5242
Data envio: 12/11/2020 16:21:06.786

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a pobreza enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consolidación da pobreza é un grave problema en Galiza, preexistente á emerxencia da pandemia do coronavirus no ano 2020. Por exemplo, podemos lembrar como recentemente a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2019 e sinalaba como na altura case un cuarto da poboación galega estaba xa en situación de pobreza ou exclusión social (AROPE), un 24,3%. Se comparamos co ano anterior ao estudo, 2018, o incremento é de 32.698 persoas máis.

Entre outros datos, este informe advirte de que ata o 7,9% da poboación galega, 212.000 persoas, vivían en pobreza severa no 2019, é dicir, con ingresos inferiores a 500€/mes. Ademais, sinala que entre os factores de agravamento da situación están o crecemento dos gastos relacionados coa vivenda, a precariedade ou a falta dunha vivenda digna. Estas cuestións obrigan a moitas familias a reducir o esforzo en gastos imprevistos ou mesmo na calidade da alimentación. Ademais, respecto das persoas con carestías severas dísenos que tiveron impedimento para poder efectuar cando menos 4 ítems de consumo recoñecidos a nivel europeo, entre os que poden estar atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas,

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5242
Data envio: 12/11/2020 16:21:06.786

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidade...) nos últimos 12 meses ou que permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.

Esta situación, de por si dramática, vese agravada co impacto económico e social da crise da covid-19. No primeiro e segundo trimestre de 2020 o PIB experimentou unha caída espectacular, sen precedentes. As cifras de desemprego tamén se resentiron e nos últimos meses do ano 2020 van comezar a verse os efectos da fin dos ERTE, que podería traducirse nunha importante perda de emprego. Así mesmo, os datos do IGE respecto da Enquisa Estrutural a Fogares tamén indica como aumentan os fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

Entre outros indicadores preocupantes salientan as informacións públicas das compañías fornecedoras de gas e de luz, e tamén de auga, respecto dos adiamentos de facturas de consumidores particulares e empresas

Neste contexto de incremento da pobreza, coa chegada do inverno e das baixas temperaturas cómpre ter unha previsión ambiciosa por parte das administracións públicas para enfrontar a pobreza denominada pobreza enerxética, que non deixa de ser unha manifestación máis das consecuencias lesivas dun modelo económico que non promove a redistribución da riqueza nin o acceso aos elementais servizos precisos para unha vida digna.

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Máis aínda, nun contexto onde a limitación da vida social é unha realidade e supón un incremento das horas no domicilio e polo tanto das necesidades enerxéticas, para alén da posibilidade dun novo confinamento domiciliario que non pode descartarse.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5242
Data envio: 12/11/2020 16:21:06.786

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación no incremento de afeccións respiratorias, a gripe ou a neumonía e o incremento no risco de enfermidades circulatorias ou o agravamento e incremento de problemas crónicos como a diabete.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a recuperación inmediata da moratoria que impedía o corte dos subministros básicos de luz, auga e gas.

2. Realizar as modificacións oportunas para extender as persoas potencialmente beneficiarias do bono social eléctrico e térmico de Galiza máis alá das persoas usuarias do bono social do Estado tendo en conta as características sociais, habitacionais e climáticas do noso país.

3. Impulsar medidas para a socialización destes recursos e para a súa áxil xestión, garantindo formas presenciais para aquelas persoas con dificultades para realizalo virtualmente e a dificultade de mobilidade para moitas poboacións rurais do noso país, e garantindo a inclusión dun teléfono de información que sexa gratuíto.

4. Asumir a demanda da Rede galega contra a pobreza da creación dun 'Plan RENOVE' para a renovación de electrodomésticos en unidades familiares en situación de vulnerabilidade ou pobreza e duplicar o nivel de cobertura do Programa de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade, asegurando que tódalas familias en

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5242
Data envio: 12/11/2020 16:21:06.786

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación de vulnerabilidade ou pobreza poden acceder á maior contía da subvención (24.000€).

5. Realizar, no prazo máximo dun mes, un estudo pormenorizado do impacto social, sanitario e económico nos fogares galegos da asunción dos subministros básicos de electricidade, auga e gas, de cara a diagnosticar adecuadamente a situación galega e poder arbitrar medidas ambiciosas ao respecto."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 16:12:47

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 16:12:55

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5242
Data envio: 12/11/2020 16:21:06.786

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 16:13:08

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 16:13:19

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2020 16:13:31

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5250
Data envio: 12/11/2020 16:22:26.547

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A ría de Noia presenta uns índices de contaminación realmente preocupantes, con 22 concellos que verten directamente nela, o que ademais de afectar a todo o ecosistema mariño está a causar un grave prexuízo aos bancos marisqueiros; non en van hai 50 anos máis de 3.000 persoas recollían unha media de 5 millóns de quilogramos ao ano de marisco e hoxe son exactamente a metade, tanto de persoal traballador como do total recollido.

Neste lamentable contexto, e como leva tempo denunciando o grupo socialista do Concello de Noia, a Xunta de Galicia segue sen asumir as súas competencias en materia de mellora das augas da ría, unha necesidade ambiental que queda evidenciada coa prohibición dende hai xa cinco anos do baño na praia do Testal pero tamén económica coas obvias limitacións ano tras ano da campaña marisqueira.

En xullo de 2019 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciaba a adxudicación do contrato para a redacción do Plan director de saneamento de Noia por un importe de pouco máis de 200.000 euros. A titular do departamento autonómico explicaba que xa se realizaran os estudos previos de caudais e de diagnose inicial, que confirmaban a oportunidade de elaborar ese plan director, que tería que estar rematado nun prazo de dez meses.

O documento pretende realizar unha exhaustiva radiografía das deficiencias do sistema de saneamento de Noia para logo planificar as actuacións necesarias para optimizar o seu funcionamento e conseguir así unha mellora integral da calidade das augas da ría.

Chegados a novembro de 2020, dezaseis meses despois do inicio da redacción dese plan director, nada se sabe del. Por esa razón, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a presentar, antes de que remate este período de sesións, o Plan director de saneamento de Noia, comprometido para antes do verán de 2020.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5250
Data envio: 12/11/2020 16:22:26.547

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 14:12:29

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 14:12:48

Pablo Arangüena Fernández na data 12/11/2020 14:15:18

Paloma Castro Rey na data 12/11/2020 14:15:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2020 14:15:47

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5252
Data envio: 12/11/2020 16:26:07.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola situación que atravesan moitos galegos e galegas. As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á emerxencia do contexto covid. Hoxe os custos da vida (luz, gas, combustíbeis, peaxes…) son unha realidade difícil de soportar para moitos sectores.

Malia a importancia doutros factores como os climáticos, é obvio que o sistema de fixación do prezo da factura, sempre en base á tecnoloxía máis cara que participa, é determinante. Porén, non son a única causa de que teñamos unha factura tan elevada e hai decisións políticas que se poden tomar con carácter inmediato para abaratala.

A electricidade ten no Estado Español ten unha fiscalidade excesiva, ademais do Imposto Especial á Electricidade, ten o IVE no tramo máis alto, do 21%, o que fai que sexa un dos IVE máis altos de Europa por detrás dos países nórdicos. Máis aínda, as e os galegos pagarán máis por causa dos suplementos autonómicos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5252
Data envio: 12/11/2020 16:26:07.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Faise a todas luces evidentes que é precisa unha racionalización da súa fiscalidade, que pasaría por reducir os impostos aplicados e como medida urxente sería preciso comezar por rebaixar o IVE do 21% ao tipo superreducido do 4%. A única razón para que isto non se faga é o afán recadatorio do Estado. Neste contexto socioeconómico é evidente que as administracións precisas recursos económicos, e que renunciar a unha parte é unha decisión que debe ser meditada. Porén, neste caso concreto falamos dun servizo que debe ser básico e esencial, que debe ser considerado como un dereito, polo que nun contexto de forte emerxencia social non é tolerable que non se aplique un IVE acorde coa concepción da enerxía como un servizo elemental.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central a inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% co obxectivo de reducilo até o 4% para que teña un gravame acorde co seu carácter de ben básico imprescindíbel para unha vida digna."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5252
Data envio: 12/11/2020 16:26:07.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2020 16:18:53

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 16:18:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 16:19:05

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 16:19:15

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 18:16:15
Nº Rexistro: 5278
Data envio: 12/11/2020 18:16:15.381

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

O Imelga foi creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia e, en virtude de Orde do 23 de marzo de 2006, entrou en funcionamento.

As súas funcións son a investigación medicolegal en tódolos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade, a intervención no control periódico da evolución das persoas lesionadas e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais, e a emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil.

O Instituto, está integrado por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados en sete subdireccións territoriais, cada unha delas coas súas respectivas áreas de patoloxía forense e de clínica medicolegal. O ámbito territorial das subdireccións é o seguinte:

- Subdirección territorial da Coruña, cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión.
- Subdirección territorial do Ferrol, que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira.
- Subdirección territorial de Santiago de Compostela, para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela.
- Subdirección territorial de Lugo, con ámbito de actuación en toda a provincia.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 18:16:15
Nº Rexistro: 5278
Data envio: 12/11/2020 18:16:15.381

- Subdirección territorial de Ourense, tamén con ámbito provincial.
- Subdirección territorial de Pontevedra, cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.
- Subdirección territorial de Vigo, que comprende os partidos xudiciais de Ponteareas, Redondela, O Porriño e Tui.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia realizou en 2019 máis de 23.300 informes periciais médicos, psicolóxicos e sociais. O volume de traballo destes centros, na actualidade, debido ao número escaso de centros e á falta de persoal no Imelga, é inasumible, o que provoca serios retrasos procesuais en procedementos penais por delito de abusos sexuais, violencia de xénero, malos tratos, desprotección e violencia en menores, e en procesos civís coma os procedementos de familia, incapacidades, e demais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Realizar un estudo estrito do tempo de retraso dos informes, pormenorizado por cada partido xudicial.

2. Incrementar o número de centros atendendo ás necesidades reais.

3. Incrementar o persoal adscrito a cada centro, na actualidade, insuficiente de forma manifesta.

4. Crear unidade de valoración integral especializadas para casos de violencia de xénero por ser unha realidade diferenciada e con outras necesidades específicas.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/11/2020 18:13:14

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 18:13:21

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 18:13:33

Pablo Arangüena Fernández na data 12/11/2020 18:13:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2020 18:13:52

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5235
Data envio: 12/11/2020 14:02:24.728

INSTANCIA XENÉRICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
MARÍNA			76616784N

NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
Pazo de Raxoi - Praza do Obradoiro	s/n			

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
15705	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA

TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
981544934			marina.visuna.alvarez@xunta.es

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

EXPÓN: Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2020

SOLICITA (OPCIONAL): Se teña en conta a documentación presentada

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

No prazo de dúas semanas o persoal da industria auxiliar no estaleiro pasou de 1000 a 300 persoas, con previsión no momento de rexistrar esta iniciativa de quedar en practicamente 0 en breve, e isto debido á falta de pagos da principal ás empresas auxiliares

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5%d do mercado mundial o peso e a importancia de esta industria no deixou de minguar até o actual menos do 1% do total de construción naval civil da UE.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:38
Nº Rexistro: 5264
Data envio: 12/11/2020 17:09:38.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido. Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo, como dicimos, no estado español, que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro BARRERAS na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoloxicamente, e que aínda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de BARRERAS importantes cantidades de diñeiro.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:38
Nº Rexistro: 5264
Data envio: 12/11/2020 17:09:38.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Ten pensado realizar algún tipo de actuacións para garantir a viabilidade inmediata de BARRERAS, a supervivencia da súa industria auxiliar, e a continuidade da actividade da construción naval alén da entrega do proxecto ou proxectos encargados pola armadora vinculada coa actual propiedade?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:38
Nº Rexistro: 5264
Data envio: 12/11/2020 17:09:38.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2020 17:04:34

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2020 17:04:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/11/2020 17:04:53

María del Carmen Aira Díaz na data 12/11/2020 17:05:01

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2020 17:05:14

Iria Carreira Pazos na data 12/11/2020 17:05:22

Daniel Castro García na data 12/11/2020 17:05:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 17:05:44

Alexandra Fernández Gómez na data 12/11/2020 17:05:55

María González Albert na data 12/11/2020 17:06:04

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:09:38
Nº Rexistro: 5264
Data envio: 12/11/2020 17:09:38.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 17:06:18

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 17:06:27

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 17:06:40

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2020 17:06:57

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 17:07:14

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 17:07:37

Paulo Ríos Santomé na data 12/11/2020 17:07:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/11/2020 17:07:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/11/2020 17:08:05

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías AG55 e AG57.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de incluír esta medida nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2019, a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

A finais do ano 2019, a Xunta de Galiza solicitou aso goberno do Estado aplicación na AP 9 de descontos do 25% da viaxe de volta, tal como se vén aplicando nas autovías de titularidade autonómica.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, o anteproxecto de orzamentos do Estado para o 2021 inclúen unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros. Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias habituais, cando menos do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar nos orzamentos do ano 2021, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha lata densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Ten previsto a Xunta de Galiza aplicar descontos do 50% nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG 55 e AG 57?

Prevé o goberno galego aplicar na AG 55 e na AG 57 os mesmos descontos que se apliquen na AP9 no 2021?

Considera xusta a situación de agravio que sofren as persoas e empresas destas áreas, a respecto doutras que contan con autovías autonómicas libres de peaxe?

Pensa o goberno galego que o abaratamento a curto prazo con maiores descontos, e a gratuidade a medio prazo, terían unha incidencia moi positiva na seguridade viaria e na mellora da calidade de vida da contorna das estradas convencionais do Val Miñor-Vigo e de Bergantiños-A Coruña?

Considera necesario o goberno galego facer un estudo sobre o rescate da concesión da AG55 e AG57 de modo que se acabe coa discriminación que sofren as persoas usuarias destas autovías a respecto doutras de titularidade autonómica que son gratuítas?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 11:29:55

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 11:37:45

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 11:37:56

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 11:38:05

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 11:38:16

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 11:38:26

Daniel Castro García na data 16/11/2020 11:38:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 11:38:48

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2020 11:39:00

María González Albert na data 16/11/2020 11:39:09

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 11:39:20

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 11:39:32

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 11:39:54

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 11:40:25

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2020 11:40:41

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:55:11
Nº Rexistro: 5376
Data envio: 16/11/2020 11:55:11.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 11:40:55

Paulo Ríos Santomé na data 16/11/2020 11:41:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 11:41:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2020 11:41:34

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:50
Nº Rexistro: 4907
Data envio: 06/11/2020 09:41:50.287

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a avaliación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 25 de maio de 2010 recollía a publicación do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Un Decreto que se rexía polos seguintes principios:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais.

2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo galego.

4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:50
Nº Rexistro: 4907
Data envio: 06/11/2020 09:41:50.287

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Asemade, na Disposición adicional quinta, sobre avaliación dos resultados, este Decreto regula que, con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da súa aplicación e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

Transcorridos dez anos da súa implantación, ditaminada a ilegalidade parcial do decreto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, concretamente dos artigos 5.2 e 12.3 por seren contrarios a dereito, a Xunta de Galiza non ten ofrecido publicamente os resultados destas avaliacións anuais dos resultados da aplicación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que avaliación ofrece o goberno da aplicación do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario dez anos despois da súa implantación?

Conta o goberno con avaliacións anuais dos resultados da súa aplicación tal e como regula a disposición quinta? Por que non se fixeron públicos?

Como valora o goberno os datos sociolingüísticos que na última década foron achegando desde o IGE, indicadores do drástico retroceso no emprego do noso idioma por parte da infancia e da mocidade?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:50
Nº Rexistro: 4907
Data envio: 06/11/2020 09:41:50.287

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideran que estes datos demandan mudanzas no regulamento aplicado á aprendizaxe da lingua no ámbito educativo, nomeadamente na infancia e na mocidade?

Considera o goberno galego que, dez anos despois, os principios que di atender este Decreto están superados?

Considera, xa que logo, que este Decreto 79/2010 contribuíu para o avance da normalización do galego en cumprimento do disposto na Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/11/2020 09:33:17

Daniel Castro García na data 06/11/2020 09:33:30

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 09:41:50
Nº Rexistro: 4907
Data envio: 06/11/2020 09:41:50.287

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/11/2020 09:33:40

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:04:07
Nº Rexistro: 4921
Data envio: 06/11/2020 11:04:07.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e **María González Albert**,, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o prezo do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Inleit comunícalle a 146 gandeiros unha modificación á baixa do contrato asinado antes da Covid

Un total de 146 gandeiros galegos que entregan a súa produción á nova planta de Inleit de Teixeiro acaban de recibir unha comunicación na que a industria …

Esta nova saltaba á prensa a primeiros de xullo deste ano. Inleit, esa empresa coa que o PP quere fachendear que vai facer o labor que debera facer ese tan desexado Grupo Lácteo, que para o PP é unha quimera e para nós unha necesidade básica, dábanos a primeira pista do seu papel no panorama da industria láctea en Galiza.

Nada se move para ben no sector do leite. Todo é vello. As tendencias continúan manténdose nunha firmeza que alimenta a apatía no sector, a entrega a unha situación vella de perda de explotacións, aumento en número de cabezas nas que quedan, base territorial insuficiente ao número de cabezas, na maior parte delas, e sobre todo uns prezos por quilo de leite que nos discriminan se os comparamos cos do resto do estado e cos europeos.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:04:07
Nº Rexistro: 4921
Data envio: 06/11/2020 11:04:07.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O leite que se produce en Galiza ten, en xeral, uns parámetros de calidade superiores aos doutros lugares do estado. Non hai razón obxectiva, pois, para que os prezos que ofrecen as industrias en Galiza sexan inferiores, a non ser que se deba á oportunidade de facer negocio a costa da suor dos produtores galegos en base á cantidade de leite no mercado, ou (que tamén pode ser) que a debilidade estrutural do sector, a dependencia de procesados alleos e o desinterese do goberno galego pola súa saúde fagan del albo fácil para as industrias depredadoras.

Así, Lactalis-Puleva, industria que recolle no noso país o 20% do leite producido ofrecía aquí contratos para o 1 de marzo con prezos á baixa mentres en Francia aumentaba o mesmo nun 7,5%.

As condicións ofrecidas neste contrato impiden a subida de prezos e afastan aos produtores das tendencias alcistas continuadas do mercado. E este é o grande perigo porque as demais industrias estaban á espera, ao axexo, para medir as súas ofertas aos seus produtores pola rebola de Lactalis.

O bloqueo provocado polas industrias que operan con prezos semifixos ao longo do ano impide que as explotacións galegas se beneficien das recuperacións do mercado. Este bloqueo aumenta a diferenza por quilo entre Galiza e o resto do estado e sitúanos á cola desde hai xa anos.

E así, nos contratos presentados pola maioría das industrias que operan en Galiza inclúese un recoñecemento expreso de que o prezo, digamos, *"pactado"* é superior aos custos de produción.

Conteñen tamén cláusulas que vulneran a legalidade en clave de práctica extorsiva mafiosa propoñendo a morosidade dun mes e que non foi, que nós saibamos, sancionada polo de agora. Hai outras que fan referencia á gardar unha confidencialidade

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:04:07
Nº Rexistro: 4921
Data envio: 06/11/2020 11:04:07.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abusiva e que pretenden evitar que os gandeiros descontentos denuncien diante das organizacións agrarias situacións de abusos contidas no contrato. En definitiva, prácticas ***mafiosas*** en toda regra..

Porque topamos coa Lei da Cadea Alimentaria, verdadeira lei de apuñalamento do agrario. Teoricamente recolle a necesidade de que a venda dos produtos non sexa nunca inferior aos custos de produción dos mesmos pero na práctica... nada resolve e permite trampas descaradas.

No apartado j) do artigo 9.1 da Lei 12/2013 de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria referíndose aos contratos di o que segue:

" Indicación expresa de que o prezo pactado entre produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro, forestal ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador, cobre o custo efectivo de produción."

E quen é o encargado de fixar ese prezo dun xeito obxectivo que non permita variacións interesadas e facilite unha negociación equilibrada?

Quen debe arbitrar esta negociación atendendo a que non se produzan abusos da parte máis forte á máis feble, neste caso o produtor primario?

A ausencia dun referente obxectivo de custe de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custes e a falla dun mecanismo de arbitraxe de parte da Administración galega fai que o sector estea a vontade da industria e da distribución.

Existe, pois, unha extorsión continuada ao sector leiteiro galego cando a industria, polo mesmo produto e coas mesmas calidades paga menos deste lado do río Navia chegando a diferenza ós 4cts.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:04:07
Nº Rexistro: 4921
Data envio: 06/11/2020 11:04:07.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na AGACAL existen mecanismos de investigación que poden fixar custos de produción de xeito obxectivo que poderían servir de referencia para as negociacións onde a Administración Autonómica debera ser a arbitraxe necesaria que evitase este cúmulo de arbitrariedades que erosionan o sector.

Non pode o Goberno galego na lexítima función de defensa dun sector produtivo esencial para a vida do noso rural, intervir cos medios de presión que ten ó seu alcance para arbitrar e mediar entre industria e produtores?

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas está tomando ou pensa tomar o Goberno galego para evitar as prácticas mafiosas da industria en xeral incluíndo cláusulas abusivas nos contratos e forzando a que o produtor asine un recoñecemento de que o prezo ofrecido supera os custos de produción e para rematar coa brecha existente entre os prezos de Galiza e do resto do estado?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Carmen Aira Díaz
María González Albert
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:04:07
Nº Rexistro: 4921
Data envio: 06/11/2020 11:04:07.520

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/11/2020 10:56:12

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2020 10:56:25

María González Albert na data 06/11/2020 10:56:34

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:27:09
Nº Rexistro: 4926
Data envio: 06/11/2020 11:27:09.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a investigación das causas e o desenvolvemento dos incendios forestais no Macizo Central e no Xurés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galiza ten debatido en múltiples ocasións cales son os motivos polos que arde o noso país. Moitas veces temos a impresión de que só interesan as causas deses lumes cando estes son noticia pola dimensión que acadan pero pouco ou nada fai o Goberno da Xunta de Galiza para facer unha análise pormenorizada do que acontece realmente nas zonas de inicio dos mesmos. Así ano tras ano, campaña tras campaña, resulta lacerante a reiteración da actividade incendiaria nos mesmos concellos e parroquias.

Esta realidade, semella, debía levar á administración galega a facer unha análise pormenorizada do que acontece neses espazos determinados. Para a realización desas labores existen en Galiza distintos corpos e entidades con competencia para investigar os lumes desde distintos ámbitos e enfoques:

- Policía Autonómica: con competencias en materia de medio ambiente e investigación dos lumes forestais

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:27:09
Nº Rexistro: 4926
Data envio: 06/11/2020 11:27:09.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Guarda Civil e Seprona, con competencias en medio ambiente e investigación dos lumes forestais

- Axentes Facultativos dos 19 Distritos Forestais, con competencia en materia de investigación das causas dos lumes forestais

- Exército do Estado Español que mediante a campaña "Centinela",desprega un sistema de vixilancia nos montes galegos.

- A propia Consellaría do Medio Rural cunha rede de vixilancia a través de torres con persoal, sistema de vixilancia audiovisual e drons.

Pese a toda a exhibición de medios que o conselleiro do Medio Rural non se cansa de recalcar en cada comparecencia pública o certo é que até o de agora a Xunta de Galiza non ten podido -ou sabido- atallar os lume recorrentes no Macizo Central mentres que tanto o conselleiro como os distintos cargos públicos do goberno galego, cando son preguntados polo tema, limítanse a afirmar que se trata "dun problema de orde público xerado por unha panda de desalmados incendiarios" (declaracións en La Región o 27.07.2020).

Esta explicación recorrente non semella suficiente para explicar a transcendencia que tiveron os lumes deste verán nos concellos do Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Larouco, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Maceda, Castro Caldelas, Montederramo, Muíños, Lobios, Entrimo, Bande, Lobeira, Calvos de Randín e Cualedro.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:27:09
Nº Rexistro: 4926
Data envio: 06/11/2020 11:27:09.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as conclusións dos resultados da investigación dos distintos lumes forestais que tiveron lugar nos concellos do Parque Natural da Baixa Limia-Xurés e nos Concellos do Macizo Central e Cualedro neste verán 2020?

Que indican os datos parametrizados dos lumes producidos neses mesmos concellos desde o ano 2010?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 06/11/2020 11:24:33

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2020 11:24:42

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/11/2020 11:24:51

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:56
Nº Rexistro: 4932
Data envio: 06/11/2020 11:49:56.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a xestión do Parque Natural da Baixa-Limia Xurés, a coordinación con Portugal na prevención e na extinción dos lumes no mesmo e a situación do PORN e o PRUX que deberían rexer o seu funcionamento

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Natural da Baixa Limia Xurés volveu ser desgraciado protagonista neste 2020 dos peores lumes forestais que teñen acontecido no noso país. Isto foi de novo así a pesares de que resulta impresionante comprobar a cantidade de figuras de protección que ten sobre si o Parque Natural de Baixa Limia-Xurés a pesar das cales continúa a sufrir ano tras ano a falta de interese do Goberno Galego.

Quixeramos lembrar aquí agora, e non é a primeira vez nesta comisión, que o parque Natural da Serra do Xurés pertence á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Geres-Xurés (declarada en 2009) que conta cunha superficie total de 330.874 Has das que 62.916 has. pertencen a Galiza.

Esta reserva da Biosfera inclúe tamén, entre outras figuras, a Zona Especial de Conservación (ZEC) da Baixa Limia (33.920 has.), a Zona de Especial de Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés” (31.287 ha.), zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “Baixa Limia-Serra do Xurés” (31.287 ha) e “Baixa Limia” (33.920 ha.)...

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:56
Nº Rexistro: 4932
Data envio: 06/11/2020 11:49:56.922

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A figura de planificación dos espazos incorporados á Rede Natura son os Planos de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN). O PORN do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés data do ano 2009 (publicado no DOG 30 de marzo de 2009).

Por outra banda, a figura de xestión dos parques naturais son os denominados Plans Reitores de Usos e Xestións (PRUX). No ano 2017 a Dirección Xeral de Medio Ambiente Natural encargou a unha empresa a confección do PRUX para o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés. É dicir, que desde a súa declaración como parque natural o 11 de marzo de 1993 o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés non contou con tal ferramenta de xestión que, a día de hoxe, aínda non está aprobada.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Existen programas e plans de prevención e extinción coordinados entre España e Portugal que se desenvolvan de xeito conxunto?

Está a Xunta de Galiza a facer algunha xestión neste sentido diante do goberno portugués e/ou da UNESCO?

Que actividades de prevención e recuperación ten desenvolvido a Xunta de Galiza neste espazo protexido e cales son os seus informes anuais de resultados?

Cal foi o desenvolvemento da PORN do Parque Natural Baixa Limia-Xurés e como se desglosa a súa actividade desde 2009?

Que entidades e persoas forman parte deste órgano de planificación do Parque Natural?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:56
Nº Rexistro: 4932
Data envio: 06/11/2020 11:49:56.922

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantas reunións de coordinación de actividades se manteñen con carácter transfronteirizo por ano e quen participan nas mesmas?

Que planos de emprego se desenvolveron ao longo dos anos de existencia do PORN que teñan como referencia o parque natural?

Que tarefas de protección e prevención contra os lumes forestais se desenvolveron durante os anos de existencia do PORN?

Hai constancia de conflitos entre os diversos sectores que usan o monte e, se os hai, de que tipo son?

Entende a Consellaría do Medio Rural que se pode xestionar un Parque Natural sen contar co instrumento de xestión?

Cal é a situación do PRUX a día de hoxe?

Entende a consellaría que se pode elaborar un PRUX sen ter en conta a opinión das comunidades de montes (que son titulares de parte das terras que conforman o parque natural) e dos distintos sectores que usan as súas terras tal e como aconteceu co desenvolvemento do PRUX do parque natural Baixa Limia-Xurés?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 11:49:56
Nº Rexistro: 4932
Data envio: 06/11/2020 11:49:56.922

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 06/11/2020 11:38:20

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2020 11:38:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/11/2020 11:38:41

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4969
Data envio: 09/11/2020 09:28:11.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda de saneamento da Ría de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ría de Betanzos leva anos agardando polo seu saneamento integral. A pesar de que a ría é Rede Natura 2000 e que se encontra en plena Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo, os vertidos seguen a producirse continuamente sen ningunha consecuencia.

A calidade da auga na Ría de Betanzos deixa moito que desexar como demostra a situación da praia do Regueiro, no Concello de Bergondo, pechada ao baño desde o ano 2011 e, no entanto, tamén está fóra das analíticas de zonas de baño da Xunta desde o ano 2016 pola contaminación da auga por bacterias fecais, despois de 5 anos con resultados por enriba do máximo de contaminación para permitir o baño.

Na Ría de Betanzos existe actividade extractiva de marisqueo con catro polígonos, explotados pola Confraría de Miño. O GAL-04/06 na enseada de Bañobre, que é zona B estacional e cambia a C de maio a outubro. O GAL-04/07 que corresponde á parte externa do esteiro do río Mandeo e que é zona C provisional. O GAL-04/08 que se corresponde coa parte media do esteiro do Mandeo, B estábel e o GAL-04/09 que é a parte interna do esteiro do Mandeo é que segundo os últimos resultados é C provisional.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4969
Data envio: 09/11/2020 09:28:11.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación provoca unha evidente perda de emprego, como se demostra no feito de que a confraría de Miño ten actualmente 22 permex, mentres que no ano 2002 tiña 42.

Hai 11 puntos de zona C para o marisqueo na costa galega pola contaminación da auga por bacterias fecais e dous deles son no interior da Ría de Betanzos, ademais do C estacional en Bañobre. A mala calidade da auga e a obriga de enviar o marisco á zona de reinstalación na parte externa da Ria de Ferrol, impide que medre a actividade extractiva polas evidentes perdas que xera.

A todo isto, cómpre salientar o deficiente saneamento de concellos como o de Paderne, que carecen de sistema de depuración propio, xa que só contan con decantadoras, e aos verquidos das redes de saneamento ao mar hai que sumar os continuos verquidos de empresas e industrias aos ríos que desembocan na Ría de Betanzos.

A propia Xunta de Galiza recoñece que ten puntos de verquido localizados nesta ría en diferentes concellos como Miño, Betanzos ou Bergondo. Tamén recoñece o incorrecto funcionamento das depuradoras existentes, a inexistencia de separación de fluviais e fecais, así como a carencia de tanques de tormentas que provoca problemas nas redes de saneamento nas épocas de choiva.

A información que se traslada á veciñanza sobre a situación do saneamento e os resultados das analíticas realizadas é bastante deficiente. En ningunha das páxinas web dos concellos da ría se pode atopar información sobre a situación da rede de saneamento ou os verquidos detectados. As analíticas mensuais que realiza a Xunta sobre a calidade das augas tampouco se fan públicas nas webs dos concellos nin están visíbeis en moitas

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4969
Data envio: 09/11/2020 09:28:11.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das praias durante o verán, e limítanse a pór un cartaz onde se indica a insuficiente calidade da auga sen maior información sobre as causas ou as consecuencias do baño.

O BNG leva pedindo nas súas alegacións aos orzamentos da Xunta dos últimos anos que se reserve unha partida para o saneamento integral da Ría de Betanzos sen éxito. Nos orzamentos aprobados para este ano 2020 incluíase unha partida para melloras no saneamento no concello de Paderne de tan só 75.126 euros, mais de cuxa execución nada se soubo. No ano 2012 a Xunta xa prometera un investimento de máis de 2 millóns de euros para unha depuradora no concello de Paderne que nunca chegou a se comprometer nos orzamentos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

É a Xunta coñecedora dos continuos vertidos que se suceden na Ría de Betanzos en plena Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo?

Que actuacións encamiñadas a solucionar este grave problema ambiental e económico, posto que afecta á actividade extractiva de marisqueo, ten posto en marcha o goberno?

Que melloras executou a Xunta no saneamento do concello de Paderne coa partida dos orzamentos aprobados para este ano 2020 de tan só 75.126 euros?

Compromete o goberno galego a necesaria partida orzamentaria en 2021 para pór fin de vez a esta situación de abandono da Ría de Betanzos?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4969
Data envio: 09/11/2020 09:28:11.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2020 09:22:18

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2020 09:22:30

Paulo Ríos Santomé na data 09/11/2020 09:22:40

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2020 09:22:44

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:55:00
Nº Rexistro: 4985
Data envio: 09/11/2020 10:55:00.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o sistema de xestión e plan de usos do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de novembro o xulgado de primeira instancia número 1 da Coruña acordou a execución provisional da sentenza que ordena á familia Franco restituír o Pazo de Meirás ao seu lexítimo propietario, o Estado. Nese auto sinálase a data do 10 de decembro para que a familia faga entrega do inmoble declarado BIC.

Anteriormente, en sentenza do 2 de setembro, o xulgado declarara o Estrado propietario do Pazo e condenara a familia Franco á devolución do inmóbel sen ser indemnizada polos gastos nos que afirmaba incorrer para o mantemento da propiedade.

Tendo en conta a inminente entrega da propiedade ao Estado, cómpre tomar medidas urxentes para garantir a propiedade, a integridade e a unidade dos bens de carácter público que forman parte do BIC Torres de Meirás, así como a protección doutros elementos de grande valor histórico e cultural que neste momento están depositados no Pazo como as pías bautismais de Moraime, as esculturas do Mestre Mateo ou os fondos da biblioteca de Emilia Pardo Bazán.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:55:00
Nº Rexistro: 4985
Data envio: 09/11/2020 10:55:00.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, é necesario que as institucións galegas directamente relacionadas co BIC Torres de Meirás e que participaron no proceso de recuperación, como o concello de Sada, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galiza acorden un sistema de xestión e un plan temporal de usos, en tanto non haxa unha decisión xudicial definitiva sobre a propiedade.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Solicitou a Xunta de Galiza a cesión do Pazo de Meirás e a colaboración do Goberno central nos gastos de mantemento desta propiedade?

Considera necesario acordar coa Deputación e o concello de Sada un sistema de xestión do BIC Torres de Meirás?

Comparte o Goberno galego a proposta do concello de Sada sobre a xestión polo concello das visitas ao Pazo?

Comparte o Goberno galego a necesidade de elaborar un plan temporal de usos para o BIC Torres de Meirás que inclúa os usos culturais, turísticos e os relacionados coa memoria histórica?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 10:55:00
Nº Rexistro: 4985
Data envio: 09/11/2020 10:55:00.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2020 10:42:23

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2020 10:42:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/11/2020 10:42:42

Iria Carreira Pazos na data 09/11/2020 10:42:53

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 16:45:36
Nº Rexistro: 5077
Data envio: 10/11/2020 16:45:36.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o incremento da pobreza e a exclusión social en Galiza e o acceso das persoas que o precisan a rendas de inclusión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Antes de que se decretase en Galiza a emerxencia sanitaria pola pandemia da COVID-19, é dicir, en 2019, a taxa de risco de pobreza situábase no noso país no 20%. Os datos, proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a través da Enquisa de condicións de vida, alertaban, xa naquela altura, dun incremento a respecto do ano anterior (18,7%).

Da mesma maneira, a taxa AROPE –que inclúe na súa elaboración outros elementos alén dos ingresos, como a falta de emprego ou as carencias materiais— situouse en 2019 no noso país no 24,3% rexistrando tamén un incremento a respecto dos anteriores anos (22,6%, en 2017 e 25,3% en 2018) logo de descender durante cinco anos consecutivos.

Malia non contarmos, até o momento, con datos concretos do impacto que a pandemia da COVID19 está a ter xa para as traballadoras e traballadores galegos, a situación previa non era alentadora. Neste senso, de acordo co Informe Foessa, o 12,5% das traballadoras e traballadores de Galiza estaban antes da crise sanitaria en situación

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 16:45:36
Nº Rexistro: 5077
Data envio: 10/11/2020 16:45:36.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de pobreza relativa, é dicir, aproximadamente 130.000 persoas non contan cos ingresos suficientes para enfrontar as súas necesidades básicas.

Recentemente, a Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais publicou un informe que sitúa a taxa de cobertura das rendas mínimas en Galiza no 6,3%, unha cifra inferior á media estatal (7,97%) e moi lonxe de territorios como Euskadi (63,03%) e Navarra (70,35%).

Esta taxa de cobertura situaría apenas en seis de cada 100 persoas en risco de pobreza as que reciben rendas mínimas de inclusión.

O principal instrumento en Galiza continúa a ser a RISGA que no ano 2019 chegou a 9.783 persoas. Porén, a contía percibida é das máis baixas do estado e fica lonxe de cubrir as necesidades dos fogares (400 euros para unha persoa sen crianzas que pode chegar até os 700 euros ao mes para unidades familiares formadas por tres persoas adultas e tres menores ou máis).

Con todo, esta situación non mellorou coa aprobación do Ingreso Mínimo Vital por parte do Goberno español. De feito, o informe da Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais sinala que esta prestación "lonxe de cumprir cos obxectivos cos que se anunciou, está a xerar angustia e frustración" entre os milleiros de persoas solicitantes, tamén no noso país.

Así as cousas, de acordo coa información publicada no mes de outubro polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, até ese momento, 7.210 fogares galegos tiñan recoñecido o IMV.

Como é sabido, ambas as dúas prestacións son incompatíbeis no noso país de acordo co disposto na Lei 10/2013 de inclusión social de Galiza e o IMV é competencia

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 16:45:36
Nº Rexistro: 5077
Data envio: 10/11/2020 16:45:36.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exclusiva do Goberno español cando menos até se conveniar a transferencia da súa xestión á Xunta.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cantas persoas que eran beneficiarias da RISGA deixaron de percibila por ser incompatíbel co IMV?

Pensa a Xunta de Galiza modificar a Lei de inclusión social de Galiza para facer compatíbeis ambas as dúas prestacións?

Valora o Goberno galego reclamar a xestión do IMV?

Pensa a Xunta de Galiza deseñar unha verdadeira renda mínima en Galiza?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 16:45:36
Nº Rexistro: 5077
Data envio: 10/11/2020 16:45:36.140

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/11/2020 16:39:08

Iria Carreira Pazos na data 10/11/2020 16:41:53

María Montserrat Prado Cores na data 10/11/2020 16:42:14

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:19:29
Nº Rexistro: 5083
Data envio: 10/11/2020 17:19:29.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións laborais e a falta de recursos dos vixilantes forestais do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (PLADIGA) é un sistema complexo no que moitas patas diferentes terían que conxugarse para protexer ao noso país dun dos grandes focos de destrución dos nosos montes: os lumes forestais.

Dentro do PLADIGA 2020 establécense como labores dos vixilantes fixos do SPDCIF as seguintes:

- *Observarán o campo para a localización de posíbeis focos de lume, situaranos e transmitiranos ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.*
- *Manexarán e observarán as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posíbeis focos de lume.*
- *Terán coñecemento dos equipos de comunicación e do seu manexo, de acordo coas normas establecidas para a transmisión.*
- *Colaborarán na transmisión de mensaxes.*

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:19:29
Nº Rexistro: 5083
Data envio: 10/11/2020 17:19:29.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Informarán ao CCP ou CCD de calquera incidencia que puidera ocorrer no seu entorno.*

- *Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.*

- *Será responsable, na súa quenda de traballo, do mantemento e adecuado funcionamento do punto de vixilancia.*

- *Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.*

- *Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008).*

A rede de puntos de vixilancia está constituída polos postos de vixilancia localizados en edificacións ou instalacións aprobadas pola Consellaría do Medio Rural que consta actualmente de 44 postos de vixilancia segundo se determina no Anexo 6 do PLADIGA 2020 que, ao tempo, afirma que "*A dotación de medios humanos na Rede de puntos de vixilancia dimensionarase segundo as necesidades do servizo e con vixilantes repartidxs en quendas de traballo na época de maior perigo de incendios, reducíndose a presenza de persoal nas épocas de perigo baixo e moderado*".

Con estas premisas sería sinxelo deducir que as e os vixilantes forestais son un persoal chave na detección precoz dos lumes para evitar a súa propagación e facer que a

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:19:29
Nº Rexistro: 5083
Data envio: 10/11/2020 17:19:29.327

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa afección sexa ao menor número de hectáreas posíbeis mais, tamén, para detectar actividades sospeitosas nos montes que eviten ou freen, en momentos determinados, até o seu mesmo inicio.

Porén, a teimuda realidade insiste en demostrar que para a Consellería do Medio Rural xs vixilantes forestais semellan ser unha peza menor que non merece traballar coas mínimas condicións necesarias para exercer a súa labor.

Así, ao sucesivo e paulatino peche de casetas de vixilancia únese a evidente escaseza de persoal (repercutido tamén pola falta de emisoristas con moitas prazas sen cubrir) cunha OPE (a última e insuficiente – só 75 prazas) publicada no DOG do 4 de marzo de 2019 e aínda hoxe sen efectivizar.

Esta inacción e deixadez de funcións á hora de celebrar as OPEs convocadas deriva nunha deficiencia constante no servizo ao non cubrir as prazas sen cubrir de emisoristas (por baixas máis non só), facendo que moitas veces, xs vixilantes teñan que baixar ás oficinas deixando as casetas sen persoal en época de alto risco.

Na práctica atopámonos cunhas e cuns profesionais que carecen de dotación de medios públicos: con malos accesos ás torres de vixilancia, usando na maioría dos casos o seu vehículo particular e sen emisora para os seus desprazamentos desde a súa vivenda até o posto de traballo cos evidentes problemas de seguridade que isto supón tendo en conta que a maior parte das torres de vixilancia están situadas en lugares solitarios e de difícil acceso.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:19:29
Nº Rexistro: 5083
Data envio: 10/11/2020 17:19:29.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non se arranxan as pistas de acceso ás torres de vixilancia para evitar accidentes nos desprazamentos dos/das profesionais do servizo de vixilancia forestal?

Por que non se dota aos/ás vixilantes de incendios dunha emisora portátil para os seus desprazamentos entre a caseta e o seu domicilio?

Por que non se dota aos/ás vixilantes de incendios de un vehículo do parque móbil da Consellería e se lles obriga a desprazarse co seu vehículo particular?

Por que non se reabren as casetas de vixilancia que están recollidas no PLADIGA como se estivesen en funcionamento pero campaña tras campaña continúan sen abrirse?

Ten a Consellaría do Medio Rural algunha previsión para a efectivizar a convocatoria da OPE publicada no DOG en marzo do ano pasado ou de convocar unha nova que sirva realmente para cubrir as faltas de emisoristas e de vixilantes das casetas hoxe pechadas así como das que non contan coas/cos 4 vixilantes precisos para cubrir o servizo e que, en termos xerais, dea estabilidade ao persoal e ao servizo en xeral?

É esta falta de medios e persoal un paso previo para algún plan da Xunta de Galiza para substituír aos vixilantes de incendios por medios tecnolóxicos como cámaras ou drons?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2020 17:19:29
Nº Rexistro: 5083
Data envio: 10/11/2020 17:19:29.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/11/2020 17:11:27

María del Carmen Aira Díaz na data 10/11/2020 17:11:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/11/2020 17:11:46

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 10/11/2020 18:32:58.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a denuncia presentada diante da situación na que se atopan usuarias/os da residencia de Salvaterra de Miño intervida polo Goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de novembro fíxose pública a través de diversos medios de comunicación a denuncia presentada por traballadoras e traballadores das residencias diante da situación na que se atopan usuarias/os da residencia de Salvaterra de Miño.

Esta residencia privada foi intervida pola Xunta de Galiza o 27 de outubro de 2020 despois de detectarse un gromo que afectaba, naquela altura, 84 usuarias/os e 26 traballadoras/es.

Desde a detección do gromo faleceron neste centro 13 residentes.

A residencia de Salvaterra ten un total de 108 prazas, das que 72 están subvencionadas con algún tipo de concerto público.

No marco desa intervención, o persoal público denuncia unha situación inhumana e insalubre.

Entre as denuncias sinalan:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 10/11/2020 18:32:58.016

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incumprimentos das normas e protocolos en canto aos circuítos COVID19.

- Fallos na distribución de persoal que provocaría novos contaxios.

- Falta de organización no centro.

- Graves defectos nas medidas de hixiene das instalacións e dos propios pacientes. Neste último caso causando enormes danos físicos a algunha das persoas usuarias. De acordo coa denuncia das traballadoras e traballadores o 90% das persoas residentes teñen úlceras provocadas pola inmobilidade e pola falta de hixiene.

- Carencia de material de aseo e outros produtos.

As imaxes que acompañan a denuncia son simplemente indescritibles e desde calquera punto de vista inadmisibles nunha sociedade que se diga democrática. Representan unha vulneración de dereitos fundamentais.

Para o Bloque Nacionalista Galego resulta aínda máis grave que sendo un centro residencial no que a Xunta de Galiza ten prazas concertadas algo así poida coller por sorpresa á administración pública responsábel de fiscalizar a prestación dos servizos sociais sexan da titularidade que sexan.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Iniciou ou pensa iniciar a Xunta de Galiza algunha investigación ou procedemento fiscalizador na residencia de Salvaterra de Miño despois da denuncia presentada?

- En caso afirmativo, que deficiencias atopou?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 10/11/2020 18:32:58.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En que situación se atopan as persoas usuarias?

- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir os dereitos fundamentais das persoas usuarias e a súa debida atención e asistencia?

- Tiña coñecemento o Goberno galego desta situación antes da denuncia? E de situacións semellantes ou outros incumprimentos previos?

- En caso negativo, como é posíbel que a Xunta de Galiza que ten prazas concertadas con esta entidade non saiba o que acontece nestes centros privados?

- Cantas inspeccións realizou nos últimos catro anos o Goberno galego neste centro?

- Cre o Goberno galego que é admisible unha situación como a fotografada na residencia de Salvaterra?

- Pensa adoptar algunha medida para impedir que algo así poida volver acontecer neste centro ou calquera outro en Galiza?

- O novo modelo de residencias da Xunta prevé que continúen centros así xestionando o dereito a unha vellez digna no noso país?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5109
Data envio: 10/11/2020 18:32:58.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/11/2020 18:22:25

Xosé Luis Bará Torres na data 10/11/2020 18:22:36

Iria Carreira Pazos na data 10/11/2020 18:22:45

María Montserrat Prado Cores na data 10/11/2020 18:22:53

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5115
Data envio: 10/11/2020 19:02:06.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre un plan de restauración definitiva dos terreos e as augas da mina de Touro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 7 de febreiro do presente ano, a Xunta de Galiza fixo pública a Declaración de Impacto Ambiental que denega a apertura da mina e bota por terra o chamado Proxecto Touro. O argumento central baséase na imposibilidade de garantir a non afección medioambiental no caso de apertura da explotación.

É evidente que este argumento leva implícito admitir o grave problema de contaminación deste tipo de proxectos, que en Touro e no Pino xa levan aturando máis de trinta anos.

O propio conselleiro de Industria afirmaba logo de se dar a coñecer a denegación da autorización ambiental que se lle ía esixir á empresa **un plan de restauración actualizado.**

Pero pese a esta afirmación o propio Goberno galego enviou, acto seguido (a principios de febreiro) ao Parlamento europeo a solicitude de peche da petición de investigación da contaminación da mina de Touro que fora aprobada, a petición do

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5115
Data envio: 10/11/2020 19:02:06.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

BNG, pola maioría dos grupos do europarlamento con representación na comisión de peticións.

Calquera pode ver, por tanto, unha clara contradición entre estas dúas actuacións, polo que cómpre dende a administración unha actitude clara e enérxica que manifeste a necesidade imperiosa de resolver definitivamente o problema de contaminación dos solos e das augas que veñen sufrindo dende fai máis de tres décadas os veciños de Touro e do Pino.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Ten pensado o Goberno galego esixirlle á empresa propietaria dos terreos da Mina de Touro o plan de restauración definitivo que deberá contemplar a restauración dos terreos coa adaptación á morfoloxía do entorno, a solución á contaminación das augas subterráneas, superficiais e dos regatos das bacías do Brandelos e do Lañas así como o control dos depósitos de tecnosolos e outros residuos que se acumulan por diferentes zonas da mina e a solución aos problemas de pestilencia que xenera a xestión destes residuos que realiza a empresa TEN.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 5115
Data envio: 10/11/2020 19:02:06.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santómé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/11/2020 18:53:16

Iria Carreira Pazos na data 10/11/2020 18:53:25

Xosé Luis Bará Torres na data 10/11/2020 18:53:33

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2020 18:53:40

Paulo Ríos Santomé na data 10/11/2020 18:53:48

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os casos de acoso denunciados polas alumnas da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza (ESAD).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de a Xunta adopte medidas para solucionar os casos de acoso sexual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de marzo deste ano as alumnas da Escola de Arte Dramática de Galiza comezaron unha mobilización para denunciar os casos de abuso de poder e acoso sexual que, presuntamente, se deron por parte dalgúns profesores do centro cara elas.

As alumnas atopan, dende o primeiro momento, o apoio do alumnado masculino e das profesoras e das PAS do centro, así como da maioría do profesorado masculino.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta accións de protesta comeza o movemento #unsegredoavoces, un movemento froito da valentía das alumnas e que racha cunha situación que era motivo de ruxes-ruxes na escola dende hai tempo, xa que as denuncias refírense a situacións que se veñen producindo case que dende o inicio da actividade da ESAD, hai 15 anos.

Como primeira acción paralizan a actividade lectiva e poñen en coñecemento de Inspección Educativa a situación que abre expediente e inicia a tramitación.

O problema ben cando a tramitación dese expediente é moi longa e mentres tanto as alumnas terían que seguir nas clases cos profesores acusados, polo que o alumnado segue coas mobilizacións non asisten ás clases.

O principal problema é que non existe un protocolo de actuación en casos de acoso sexual ou por razón de sexo, como hai nas universidades do país. Sen un protocolo os centros non teñen capacidade para atallar os casos de acoso sexual que se producen contra as súas alumnas.

No caso da ESAD de Galiza, ao non ser un centro universitario e estar equiparado a un instituto de bacharelato, non existe eses protocolo, pero é que os institutos de bacharelato tampouco o teñen e se a situación é grave na ESAD onde as alumnas son maiores de idade, cousa que non xustifica de ningunha maneira que estean expostas a sufrir acoso, imaxinemos a situación nun centro de educación secundaria onde as alumnas son menores.

Esta é un exemplo máis da falta de políticas de igualdade da Xunta de Galiza. Unha falta de medidas que deixan as mulleres galegas desamparadas ante situacións de desigualdade, acoso sexual, violencia machista, ...

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG tamén consideramos urxente poñer en marcha programas educativos escolares para a prevención do abuso sexual, para darlle medios as alumnas para detectar estes abusos e denuncialos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Cre o Goberno galego que tomou as medidas correctas para garantir a seguridade e o dereito ao ensino libre de abuso de poder e acoso sexual das alumnas da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza?

É consciente o goberno galego da situación que están a vivir as alumnas especificamente, máis tamén o resto da comunidade educativa na ESAD de Galiza?

Ten previsto o goberno galego redactar e poñer en marcha protocolos de actuación para a prevención e sanción de acoso sexual e por razón de sexo en todos os centros de ensino do noso país, atendendo a especificidade de cada centro?

Valora a Xunta de Galiza poñer en marcha programas educativos para escolares para a prevención do abuso sexual, para darlle medios as alumnas para detectar estes abusos e denuncialos?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2020 09:38:33

Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2020 09:38:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/11/2020 09:38:52

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 11/11/2020 09:39:03

Xosé Luis Bará Torres na data 11/11/2020 09:39:15

Iria Carreira Pazos na data 11/11/2020 09:39:25

Daniel Castro García na data 11/11/2020 09:39:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/11/2020 09:39:46

Alexandra Fernández Gómez na data 11/11/2020 09:39:55

María González Albert na data 11/11/2020 09:40:08

María do Carme González Iglesias na data 11/11/2020 09:40:14

Rosana Pérez Fernández na data 11/11/2020 09:40:22

Daniel Pérez López na data 11/11/2020 09:40:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2020 09:40:48

Noa Presas Bergantiños na data 11/11/2020 09:40:56

Mercedes Queixas Zas na data 11/11/2020 09:41:05

Paulo Ríos Santomé na data 11/11/2020 09:41:17

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 09:52:38
Nº Rexistro: 5121
Data envio: 11/11/2020 09:52:38.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/11/2020 09:41:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/11/2020 09:41:34

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 10:09:35
Nº Rexistro: 5126
Data envio: 11/11/2020 10:09:35.990

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rei, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandado polo movemento feminista, supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero. Antes, a *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero* foi o cambio de paradigma que fixo posible que os poderes públicos recoñecesen un tipo concreto e específico de violencia, que é a que se exerce contra as mulleres polo feito de selo. Así mesmo, continuando pola senda marcada, o Pacto de Estado é a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade representada a través deles, para acabar con esta violencia.

Neste 2020 cúmprense 20 anos da designación polas Nacións Unidas do 25 de novembro como data de conmemoración do Día Internacional contra a Violencia Machista. Tal como expresa a ONU, "a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica". Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta ás mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que se atopan, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A directora Executiva de ONU Mulleres, PhumzileMlambo-Ngcuka, alertaba sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, e especialmente nas vítimas de violencia abocadas a confinarse co seu agresor: "O confinamento reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar". Nesas circunstancias, o Goberno do Estado aprobaba o pasado 31 de marzo o Real decreto de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, ás vítimas de explotación sexual, trata ou agresións sexuais, nestes momentos tan excepcionais.

Entre todas as circunstancias nas que se manifesta a violencia machista, destaca de maneira especial a que se produce no rural. O illamento que sofren as vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella ou ex parella é tripla: pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por estar illadas xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual e non como o problema estrutural que é consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre "*Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural*" realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur), entre

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 10:09:35
Nº Rexistro: 5126
Data envío: 11/11/2020 10:09:35.990

decembro de 2018 e xaneiro de 2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

Tamén no marco do Pacto, o pasado ano publicábase o estudo '*Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero'*, que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible e que revela unha violencia sostida no tempo con datos alarmantes: o 40 % das vítimas sufriu violencia durante máis de corenta anos e o 27 % padeceuna, entre dous e tres décadas. Toda unha vida de vexacións, agresións, control e medo.

Os datos globais que existen sobre a violencia machista son igualmente estremecedores: dende 2003 foron asasinadas no Estado 1.071 mulleres e dende 2013, 297 nenas e nenos quedaron orfos. En 2020 foron asasinadas 38 mulleres, das cales 2 eran galegas, e 19 nenos e nenas quedaron orfos.

Este mes de outubro coñeciamos ademais a 'Macro enquisa de violencia contra a muller' de 2019 elaborada polo Goberno do Estado e que arroxa cifras tamén sobrecolledoras en Galicia:

- O 33,9 % das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex parellas.
- O 35,7 % das mulleres sufriu acoso sexual ao longo da súa vida.
- O 17,4 % das mulleres sufriu violencia física fóra da parella ao longo da súa vida.

A mesma enquisa ofrecía outros datos para o total do Estado que teñen un comportamento moi semellante no noso país:

- O 47,2 % non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda.

- Dese 40,4 %, o 60,5 % das mulleres tiñan entre 16 e 24 anos. As cifras aumentan entre as mulleres novas.

- De cada 10 mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos ou fillas afirman que estes sufriron tamén violencia por parte das súas parellas.

A Fiscalía Superior de Galicia vén, así mesmo, de presentar a súa Memoria Anual correspondente ao ano 2019, con datos moi alarmantes en canto a procesos por violencia machista e por delitos sexuais, cun incremento do 45 % e do 51 %, respectivamente. En total, foron 10.598 os procesos xudiciais por violencia machista en Galicia e 1.894 os procedementos incoados por delitos cometidos contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Das 3.462 cualificacións fiscais nas que derivaron os casos de violencia de xénero, o 43,9 % foron por maltrato ocasional, o 26,1 % por quebrantamento de medidas

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cautelares, o 10,7 % por maltrato habitual e o 8,3 % por ameazas. No referido a delitos sexuais, creceron tanto as agresións sexuais (+54,4 %) como os abusos (+63,1 %) e as violacións (+33,3 %).

En relación co delito de trata, como a peor expresión da violencia machista, chama a atención que só se incoara 1 procedemento xudicial en todo o ano, o que demostra o abandono que teñen estas mulleres por parte da sociedade, que mira cara a outro lado, e pon de manifesto o difícil que é iniciar unha denuncia, poder abrir unha investigación ou identificar aos responsables. Por iso é tan necesaria a Lei contra a trata, que impulsou o Goberno progresista do Estado e cuxo anteproxecto se está a tramitar no Congreso dos Deputados.

Diante de todas estas cifras, que evidencian o traballo que queda por facer para erradicar todo tipo de violencia contra as mulleres as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cre o Goberno galego que son suficientes os esforzos dados en materia de prevención da violencia machista á vista dos datos arroxados por diversos estudos e enquisas oficiais?

2ª) Ten avaliado o Goberno galego cada unha das medidas executadas en materia de violencia de xénero a cargo do Pacto de Estado?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2020 19:24:22

Paloma Castro Rey na data 10/11/2020 19:24:36

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 10/11/2020 19:25:19

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2020 19:25:42

Marina Ortega Otero na data 10/11/2020 19:25:53

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 11:58:54
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 11/11/2020 11:58:54.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os labores de inspección da Consellaría de Política Social nas residencias de maiores e demais centros que prestan servizos sociais en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é responsábel de vixiar e fiscalizar as condicións nas que se prestan servizos sociais no noso país sexa cal for a titularidade ou modelo de xestión dos centros.

Así o recolle a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galiza no artigo 71 co obxectivo de velar pola garantía dos dereitos das persoas usuarias procurando a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lle prestan á cidadanía do noso país.

Para tal fin, a administración conta cun corpo de inspección formado por persoal funcionario.

A pandemia provocada pola COVID19 e moi especialmente as consecuencias sanitarias e sociais que esta está a ter nas residencias de maiores puxo en evidencia as enormes carencias do modelo de servizos sociais que se ten imposto en Galiza.

De facto, a COVID19 puxo de manifesto e visibilizou o que as organizacións sindicais así como as traballadoras e traballadores levan a denunciar durante anos. A carencia de persoal e condicións de traballo precarias, os incumprimentos por parte das

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 11:58:54
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 11/11/2020 11:58:54.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entidades e empresas titulares e/ou xestoras dos centros residenciais así como, as condicións nas que se atopan as persoas usuarias.

Casos como o ocorrido na residencia xeriátrica de Salvaterra de Miño, na que traballadoras e traballadores denunciaron perante as autoridades públicas e os medios de comunicación as condicións inhumanas e insalubres das e dos seus residentes, esixen unha profunda reflexión a respecto do que acontece nos centros mais tamén sobre o papel da Xunta de Galiza en materia de inspección.

Resulta inadmisíbel que a administración pública descoñecese o que alí acontecía e resulta gravísimo que despois de dúas semanas de intervención pública a resposta do Goberno galego fronte á denuncia presentada fose que ía estudar os feitos denunciados.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza ten concertadas prazas neste centro. Como é posíbel que non soubese as condicións nas que se atopan as e os residentes? Como poden producirse situacións como as fotografadas e denunciadas no noso país?

Trátase dunha vulneración flagrante dos dereitos humanos, dos dereitos fundamentais de persoas que, alén do máis, son extremadamente vulnerábeis. E non é o primeiro caso. A COVID19 fixo visíbel o invisíbel nos servizos sociais, de feito a comezos da crise sanitaria a Xunta de Galiza pechou outro centro, neste caso nas vivendas comunitarias I e II de Burón nas que se atopaban en mal estado as persoas internas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas persoas conforman o corpo de inspección de Política Social?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 11:58:54
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 11/11/2020 11:58:54.642

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas persoas en cada unha das provincias galegas?

- Cre a Xunta de Galiza que son suficientes?

- Que labor de control e fiscalización realizan?

- Desenvolven as mesmas medidas de control nos centros públicos, privados e naqueles nos que a Xunta ten concertadas prazas?

- Como é posíbel que se produzan situacións como a de Salvaterra ou a Pobra de Burón?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2020 11:55:24

Iria Carreira Pazos na data 11/11/2020 11:55:37

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 11:58:54
Nº Rexistro: 5139
Data envio: 11/11/2020 11:58:54.642

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 11/11/2020 11:55:46

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 13:58:55
Nº Rexistro: 5154
Data envio: 11/11/2020 13:58:55.896

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto o artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

O día 27 de outubro de 2020 a Xunta de Galicia intervén a residencia de Salvaterra de Miño debido ao contaxio de coronavirus nos residentes e as traballadoras de dito centro de atención residencial. A propia Xunta, nun comunicado oficial, informaba o seguinte:

"Unha vez avaliada a situación da residencia, as consellerías de Sanidade e Política Social acordaron tomar esa medida co obxectivo de garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde, tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

Un equipo de profesionais sanitarios do Servicio Galego de Saúde está xa desprazado no centro e se ocupa de facer un seguimento médico permanente sobre a situación dos residentes, así como de vexilar aa correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á Covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia. Os profesionais do Sergas tamén velarán pola continuidade dunha atención sanitaria idónea na residencia"

A día 10 de novembro a través dos medios de comunicación deuse a coñecer un escrito e documentación gráfica, por parte das Traballadoras de Residencias de Galicia, no cal denunciaban varias irregularidades e incumprimentos da normativa en dito centro, en concreto:

1. As instalacións non reúnen as mínimas condicións de mantemento nin salubridade.
2. As camas de residentes non son clínicas
3. As condicións nas habitacións dos residentes teñen graves deficiencias.
4. Os residentes das residencias permanecen pechados con chave
5. Non hai as mínimas existencias de material para a realización do traballo.
6. Non existen axudas técnicas (guindastres)
7. O 90 % dos usuarios teñen úlceras.

Entre outros motivos que expoñen dentro de tal escrito dirixido á Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

É urxente que por parte da Xunta de Galicia expoña en sede parlamentaria o tipo de intervención e medios que por parte da Administración competente se habilitaron para ataxar unha situación de tal gravidade, así coma contextualizar os antecedentes de dito centro e a cronoloxía de acción no mesmo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.ª) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, no caso de que exista, para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid?

2.ª) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente unha vez interveñen o centro?

3.ª) Cales son os antecedentes dos centros antes da súa intervención?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2020 13:49:37

Paloma Castro Rey na data 11/11/2020 13:49:53

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2020 13:50:05

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5160
Data envio: 11/11/2020 14:27:07.171

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Exposición de motivos

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos anos o parasito da marteilia vén de xerar innumerables problemas á supervivencia e extracción do berberecho nas rías galegas. A mortaldade provocada resulta demoledora para a capacidade produtiva das rías con respecto a este bivalvo, e obrigou aos traballadores e traballadoras do sector dedicados á extracción do berberecho a reorientar o seu traballo pola perda de produto.

Dende a aparición deste problema, a Consellería do Mar ten presumido de traballar arduamente para resolver o problema e coñecer a orixe do parasito. A pesar dilo non ten ofrecido moitas alternativas para os traballadores/as do sector que dedicaban esforzos á extracción do berberecho.

Nos recentes días foi coñecido que a Consellería vén de denunciar a desaparición dunha elevada cantidade de produto, que estaba sendo utilizado nunha investigación do Centro de Investigacións Mariñas para coñecer a orixe do parasito e poder contribuír á resolución do problema. Non en tanto esta situación formula varias dúbidas sobre a seguridade e control do produto.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que sabe a Consellería do Mar sobre o roubo dunha elevada cantidade de berberecho utilizado en investigacións sobre a marteilia e a súa afectación sobre o produto?

2. Que medidas de seguridade existían no CIMA para protexer o produto de posibles problemas?

3. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para resolver o problema xerado?

4. Ten a Xunta de Galicia a capacidade de recuperar material e datos que permitan manter e aproveitar algúns avances na investigación sobre a afectación da marteilia?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5160
Data envio: 11/11/2020 14:27:07.171

5. Que medidas de seguridade pretende aplicar a Xunta de Galicia a partir de agora para protexer o traballo dos investigadores/as dos centros de investigación autonómicos?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2020 14:25:17

Patricia Otero Rodríguez na data 11/11/2020 14:25:26

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5170
Data envio: 11/11/2020 16:26:36.491

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta interpelación.

A crise da covid-19 ameaza con afundir ao sector da carne en Galicia e ás máis de 10.500 explotacións profesionais existentes, ante a pasividade do Goberno galego. Preto de 20.000 empregos están en risco entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, pero ademais do terrible efecto económico que causaría esta situación, a implantación de gran parte destas explotacións no territorio da montaña galega, tería un efecto devastador no ámbito social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que debe ter as explotacións como base esencial contra o abandono e a loita contra os incendios forestais.

A crise da covid-19 causou un caída importante do consumo de carne derivado dos peches no canal de restauración, da caída do turismo e dos cambios nos hábitos de consumo, e todo parece indicar que, chegada esta segunda ola da pandemia, a dita crise estará presente durante todo o ano 2020 e o primeiro semestre do 2021.

En Galicia o sector da carne é vital para a nosa economía e foi esencial nos momentos máis duros da pandemia, garantindo o abastecemento de alimentos á cidadanía. Co peche dos mercados locais e feiras, todo o peso caeu nas grandes cadeas de alimentación, que causou un forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores observaban como aumentaba o gasto na súa cesta da compra.

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño deste ano foi de 4,17 euros por Q/canle en tenreira de calidade suprema e de 2,5 euros de Q/canle en tenreira normal, cun descenso de ao redor de 50 céntimos en ambos casos con respecto a 2019. No caso da carne de desvelle a depreciación foi brutal, xa que nalgúns casos a caída do prezo foi do 50 %. Os prezos de produción de carne de vacún sitúanse entre 5,05 e 5,37 euros/kg segundo os propios datos do Ministerio de Agricultura.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5170
Data envio: 11/11/2020 16:26:36.491

A Xunta de Galicia debe facer realidade o compromiso adquirido co sector gandeiro, e recoller a utilización da contía máxima do PDR permitida pola UE no Programa de Axudas Directas ao sector da carne e da planta ornamental e flor cortada, é dicir, que chegue aos 24 millóns de euros e non aos 12 millóns publicados na orde de axudas e actuar a maiores con fondos propios da Xunta de Galicia, xa que as ditas axudas son insuficientes ante a profundidade que ten esta crise no sector. A axuda con fondos da UE, debería ser tamén para as explotacións con menos de 10 vacas nodrizas, eliminando a exclusión destas explotacións na orde publicada.

Non entendemos que se utilicen 12 millóns de euros destes 24 posibles en instrumentos financeiros para préstamos a empresas do sector agroalimentario, que terán como principais beneficiarios ao sector das bodegas, cando existen mecanismos no Departamento de Industria da Vicepresidencia Económica, como o Igape, que se poderían utilizar para tal fin, tendo en conta que a execución do dito organismo é moi baixa nos derradeiros anos. A prioridade do uso destes fondos da UE, deberían de ser os sectores máis afectados pola crise e non entendemos que non se dedique a totalidade destes fondos aos ditos sectores e se deriven cara a un sector no que o actual conselleiro ten intereses familiares e non está tan golpeado pola crise da covid como o da carne e a flor cortada e planta ornamental.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Por que non utiliza o Goberno galego o máximo do PDR permitido pola UE, 24 millóns de euros, para axudas aos sectores gandeiros afectados pola crise da covid-19?

2ª) Por que utiliza o Goberno galego parte das contías do PDR permitidas pola UE en instrumentos financeiros para préstamos a empresas do sector agroalimentario, que terán como principais beneficiarios ao sector das bodegas, cando pode utilizar os mecanismos existentes no departamento de industria para tal fin?

3ª) Ten previsto o Goberno galego complementar os fondos derivados do PDR con orzamento propio da Xunta de Galicia?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5170
Data envio: 11/11/2020 16:26:36.491

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 11/11/2020 16:20:48

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/11/2020 16:21:05

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:48:13
Nº Rexistro: 5176
Data envio: 11/11/2020 17:48:13.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda de medidas de apoio directo á creación cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A industria cultural galega representa un sector estratéxico para o desenvolvemento social e económico.

O seu peso económico é o espello en que se reflicte o seu papel fundamental na construción dunha sociedade formada e cohesionada, en que a cultura exerce un irrenunciábel factor reequilibrador. Aínda cómpre engadir, a súa responsabilidade e compromiso activo, en moitos casos, á hora de reactualizar e ensanchar as inesgotábeis posibilidades da nosa lingua como cerna da construción de cada proceso creativo.

Razóns básicas para atender e priorizar desde a Xunta de Galiza o obxectivo nuclear de impulsar e consolidar as iniciativas do tecido cultural galego.

Un compromiso este que debe ir encamiñado a contribuír para a estabilidade do sector, optimizar a xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior da cultura galega.

O peso económico da cultura ten marxe para crecer se quere situarse preto das medias española ou europea. A achega do ámbito cultural ao PIB debería aumentar para

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:48:13
Nº Rexistro: 5176
Data envio: 11/11/2020 17:48:13.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

semellarse máis a economías nas que a creatividade e o talento desempeñan un papel destacado.

É neste sentido onde historicamente diferentes estudos teñen detectado unha relación negativa, ou mesmo unha ausencia de relación, da Administración con moitos actores dos sectores culturais, nomeadamente aqueles que son o motor principal dunha sociedade viva e en permanente evolución: as creadoras e os creadores, a base nuclear que sostén a industria cultural e a construción humanística da sociedade; escritoras, tradutoras, músicas, guionistas, artistas plásticas, ilustradoras...

Os síntomas dunha feble profesionalización do sector creativo que se advirten nos datos estatísticos aconsellan deseñar estratexias específicas, mesmo de "discriminación positiva", para lograr un maior equilibrio na atención pública ao sector.

O goberno galego presenta un histórico de atención directa nula ás creadoras e creadores galegos, isto é, ao piar fundamental que sostén a industria cultural, mais tamén, e moito antes, a identidade do país. Un déficit que volve plasmarse durante este 2020 cando, en plena pandemia, ningunha convocatoria ordinaria ou extraordinaria atendeu de xeito directo os procesos creativos das nosas autoras e autores.

A dignificación da creación cultural segue a ser unha débeda pendente deste goberno para coa sociedade galega. Un compromiso institucional firme para que a cultura sexa, desde a súa xénese, unha prioridade para o país debe comezar por atender o tecido cultural creativo en todas as súas manifestacións e expresións que favorezan o camiño da súa dignficación e conseguinte profesionalización.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:48:13
Nº Rexistro: 5176
Data envio: 11/11/2020 17:48:13.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora o goberno o papel das creadoras e creadores no sistema cultural galego?

2. Que papel considera que lle cómpre á Xunta de Galiza en relación ás creadoras da cultura galega como piar fundamental da cadea cultural?

3. Como xustifica a Xunta a reiterada ausencia de axudas directas ao primeiro chanzo que constrúe a cultura galega e sen a cal non existe a denominada industria cultural?

4. Que medidas compromete o goberno con asignación de partida orzamentaria para o 2021 para reforzar a vitalidade dos procesos creativos das creadoras e creadores galegos?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:48:13
Nº Rexistro: 5176
Data envio: 11/11/2020 17:48:13.054

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/11/2020 17:46:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/11/2020 17:46:35

Daniel Castro García na data 11/11/2020 17:46:42

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:51:30
Nº Rexistro: 5204
Data envio: 12/11/2020 09:51:30.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, en demanda de apoio á lingua galega como lingua vehicular do ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Comité de Expertos do Consello de Europa que avalía o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias ditou en 2019 o terceiro informe de avaliación da súa aplicación por parte dos estados asinantes.

Após os informes negativos previos de 2012 e 2016, este último de 2019 representa un maior nivel de crítica ao goberno galego no que ten a ver co ensino e a caída evidente do uso da lingua no país.

Neste sentido, o Consello de Europa demanda con urxencia que se "eliminen as limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación precisos" e que se "fagan públicos os informes de avaliación dos organismos supervisores no ensino".

O Consello de Europa é, unha vez máis, moi crítico coa política lingüística da Xunta, á que advirte de que o nivel de aplicación da Carta en Galiza non mellorou significativamente desde o último seguimento.

O organismo europeo recrimina ao goberno galego que a presenza do galego é insuficiente no ensino, nomeadamente a nivel preescolar, e volve advertir de que no

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:51:30
Nº Rexistro: 5204
Data envio: 12/11/2020 09:51:30.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ensino secundario non se impartan as grandes materias científicas nesa lingua en vías de normalización.

Ademais, lembra que a actual normativa non permite impartir máis do 50% das materias en galego no ensino non universitario e que non hai posibilidade de que o estudantado opte por ter unha educación integramente en galego en ningún centro.

Un informe do Consello de Europa que ratifica os datos sociolingüísticos que veñen confirmando desde o Instituto Galego da Estatística a respecto do grave descenso na competencia e no uso do galego por parte da infancia.

Neste sentido, o IGE verificou que a cuarta parte dos nenos e nenas galegas sabe falar galego pouco ou nada, un descenso de case seis puntos máis que a comezos de século, debido en boa medida á quebra na transmisión xeracional, o que deixa a escola como única posibilidade de adquisición da lingua propia e oficial, que a actual normativa educativa invalida.

Ao fío da recente proposta do Ministerio de Educación, que recolle no seu Proxecto de lei que modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación a obrigatoriedade de garantiren as Administracións educativas o dereito do alumnado a recibiren ensino en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, o goberno do Partido Popular volve instalarse na mentira e na negación do galego como lingua vehicular en igualdade de condicións.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta a reiterada perda de galegofalantes entre a sociedade galega?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:51:30
Nº Rexistro: 5204
Data envio: 12/11/2020 09:51:30.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta o grave risco que supón para a identidade galega e para a diversidade lingüística a perda continuada de galegos e galegas competentes na súa lingua propia?

Que medidas ten activado no ámbito educativo non universitario o goberno para dar cumprimento aos reiterados informes de alerta do Consello de Europa?

Que actuacións ten posto en práctica o goberno ante os datos sociolingüísticos do Instituto Galego de Estatística?

Que avaliación obxectiva presenta a Xunta da implantación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo, despois dunha década, para cumprir coa Disposición quinta que regula a obriga de avaliar anualmente a implantación deste decreto?

Ten previsto impulsar unha nova normativa educativa que substitúa a vixente co obxectivo de garantir unha adecuada adquisición da competencia lingüística en galego desde o ensino obrigatorio?

Que valoración fai o goberno dos discursos que promoven a limitación do galego como lingua vehicular do coñecemento na educación galega?

Considera o goberno que o ensino ten na actualidade un importante carácter corrector da perda de galegofalantes?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 09:51:30
Nº Rexistro: 5204
Data envio: 12/11/2020 09:51:30.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García,

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 09:46:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/11/2020 09:46:11

Daniel Castro García na data 12/11/2020 09:46:19

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:50
Nº Rexistro: 5213
Data envio: 12/11/2020 11:04:50.389

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as compensacións económicas para mariscadores e mariscadoras pola dragaxe da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE do 22 de setembro publicou o anuncio da Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), sobre a aprobación definitiva do proxecto "Dragado ambiental de los sedimentos de la ría do Burgo".

A Orde do 28 de setembro de 2020, publicada no DOG do 29 de setembro, modifica "determinados plans de explotación marisqueira con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo".

A Confraría de Pescadores da Coruña presentou recurso de reposición a esta Orde, solicitando que nela se aseguraran -previo acordo das administracións implicadas no proxecto e da propia Confraría- as compensacións económicas para as e os afectados e tamén para a entidade durante o tempo que duren as obras e ata o inicio da práctica do marisqueo con normalidade.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:50
Nº Rexistro: 5213
Data envio: 12/11/2020 11:04:50.389

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este recurso foi desestimado pola Consellaría do Mar alegando que ela non é nin titular nin executora do proxecto de dragaxe e asegurando que as posíbeis compensacións económicas corresponden á administración do Estado.

Desestimación que se produce sen que a Consellaría do Mar acudise, nin dese ningún tipo de explicación sobre a súa inasistencia, á convocatoria que a Confraría de Pescadores da Coruña fixo ás dúas administracións implicadas para tratar este tema e que tería lugar a finais do mes de outubro.

Tampouco se tivo en conta na desestimación que, no pasado (2009, 2010, 2011...), a propia Consellaría estableceu convenios coa Confraría da Coruña para a realización do plan de recuperación da ría do Burgo, mediante os que comprometía determinadas cantidades económicas para as e os afectados.

O 04 de novembro, o MITECO anuncia o inicio da contratación das obras de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

A día de hoxe, aínda non están garantidas as medidas económicas compensatorias que percibirían as mariscadoras e mariscadores e a Confraría durante o período que duren as obras (entre 21 e 26 meses).

Tal e como indicara no seu día a Mesa da Ría do Burgo -constituída pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en defensa da ría do Burgo, a Universidade da Coruña e os Concellos de Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros-, consideramos que as compensacións económicas para o sector marisqueiro son necesarias xa que a paralización da actividade mentres se executa a dragaxe ocasionará graves perdas económicas e mesmo pon en risco a posibilidade de retomala unha vez remate a actuación.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:50
Nº Rexistro: 5213
Data envio: 12/11/2020 11:04:50.389

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta incomprensíbel que aínda non estea resolto este extremo cando o comezo das obras parece xa moi próximo e cando existen mecanismos legais suficientes para facelo. E aínda é máis sorprendente que a Consellaría do Mar se desentenda do problema sen máis, sen acudir a dialogar coa Confraría e sen interesarse polo futuro dos 49 mariscadoras e mariscadores a pé, dos 29 a flote e da propia Confraría.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cales foron os motivos que levaron á Xunta de Galiza a non acudir á convocatoria da Confraría de Pescadores da Coruña para tratar as compensacións económicas ao sector marisqueiro e á propia Confraría durante o período que duren as obras de dragaxe da ría do Burgo e que debía realizarse a finais do pasado mes de outubro?.

Considera a Xunta de Galiza que esas compensacións económicas son necesarias e, polo tanto, deben asegurarse por parte da administración?

Está disposto o goberno galego a levar a cabo de xeito urxente todas as actuacións que sexan necesarias para asegurar as nomeadas compensacións económicas?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 11:04:50
Nº Rexistro: 5213
Data envio: 12/11/2020 11:04:50.389

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 10:58:22

Mercedes Queixas Zas na data 12/11/2020 10:58:34

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 10:58:44

Daniel Castro García na data 12/11/2020 10:58:52

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:50
Nº Rexistro: 5227
Data envio: 12/11/2020 13:31:50.242

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o emisario submarino e o saneamento do concello e ría de Muros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2018, un tramo do emisario submarino de saneamento do concello de Muros, duns 100 metros de lonxitude, apareceu flotando á deriva. Salvamento Marítimo, após de ser avisado polos mariñeiros que o localizaran, procedeu a remolcalo ata a explanada portuaria.

O emisario, que debera estar situado na punta de A Vouga, permaneceu ata hai moi poucos meses na explanada do porto e o caso é que nin a cidadanía de Muros en xeral, nin os mariñeiros en particular, saben con certeza se foi reparado ou reposto despois daquel desprendemento.

A situación do saneamento no concello de Muros é unha preocupación constante dentro do sector do mar do municipio, principalmente na zona de Esteiro onde as últimas análises realizadas poñen de manifesto a superación dos parámetros establecidos para as verteduras de augas fecais e, polo tanto, está latente o risco de que o banco marisqueiro situado nesa zona perda a cualificación actual, con todas as consecuencias que iso conlevaría para as mariscadoras e mariscadores da zona.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:50
Nº Rexistro: 5227
Data envio: 12/11/2020 13:31:50.242

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No concello de Muros existen moitas zonas sen rede separativa de augas fluviais e fecais e, coas choivas, satúrase a EDAR e o seu funcionamento non é o correcto. Amais diso, hai puntos nos que seguen a existir verteduras directas de augas residuais que mesmo se ven saír directamente ás praias.

Aínda a día de hoxe a situación é tan deficitaria que hai parroquias enteiras sen dotación de rede de saneamento, como Torea e Abelleira, onde se sitúa un dos bancos marisqueiros máis importantes do termo municipal de Muros. E, a excepción da parroquia de Serres e de Muros, todas as demais teñen tramos sen rematar e zonas con problemas.

O plan de control de vertidos da Xunta de Galiza, implantado no 2009, foi obxecto de numerosas novas de prensa para publicitar actuacións ata o 2023. E recentemente, a Consellaría de Infraestruturas avanzou que dou traslado á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea de proxectos sen concretar por preto de 700 millóns de euros cos que, en parte, pretende estender os servizos de depuración e de saneamento das augas das rías.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

É coñecedora a Xunta de Galiza da situación actual da rede de saneamento e da EDAR do concello de Muros?

Cal é a situación actual do emisario submarino que debera estar situado na punta de A Vouga? Que actuacións levou a cabo Augas de Galiza dende aquela? Foi reparado ou reposto despois do desprendemento do ano 2018? En que momento?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:50
Nº Rexistro: 5227
Data envio: 12/11/2020 13:31:50.242

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións realizou, ou vai realizar, o goberno galego no referido ao saneamento do concello de Muros e ás repercusións que a súaa situación deficitaria está a traer nos bancos marisqueiros da zona?

Que actuacións se levaron, ou se van levar, a cabo dentro do plan de control de vertidos implantado no 2009 no concello de Muros?.

Dos proxectos trasladados pola Consellaría de Infraestruturas á Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, hai algún referido ao saneamento da ría de Muros? Con que orzamento e calendario de actuacións?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santómé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/11/2020 13:26:19

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2020 13:26:30

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 13:31:50
Nº Rexistro: 5227
Data envio: 12/11/2020 13:31:50.242

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 12/11/2020 13:26:39

Paulo Ríos Santomé na data 12/11/2020 13:26:46

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5247
Data envio: 12/11/2020 16:22:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a pobreza enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consolidación da pobreza é un grave problema en Galiza, preexistente á emerxencia da pandemia do coronavirus no ano 2020. Por exemplo, podemos lembrar como recentemente a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2019 e sinalaba como na altura case un cuarto da poboación galega estaba xa en situación de pobreza ou exclusión social (AROPE), un 24,3%. Se comparamos co ano anterior ao estudo, 2018, o incremento é de 32.698 persoas máis.

Entre outros datos, este informe advirte de que ata o 7,9% da poboación galega, 212.000 persoas, vivían en pobreza severa no 2019, é dicir, con ingresos inferiores a 500€/mes. Ademais, sinala que entre os factores de agravamento da situación están o crecemento dos gastos relacionados coa vivenda, a precariedade ou a falta dunha vivenda digna. Estas cuestións obrigan a moitas familias a reducir o esforzo en gastos imprevistos ou mesmo na calidade da alimentación. Ademais, respecto das persoas con carestías severas dísenos que tiveron impedimento para poder efectuar cando menos 4 ítems de consumo recoñecidos a nivel europeo, entre os que poden estar atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas,

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5247
Data envio: 12/11/2020 16:22:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidade...) nos últimos 12 meses ou que permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.

Esta situación, de por si dramática, vese agravada co impacto económico e social da crise da covid-19. No primeiro e segundo trimestre de 2020 o PIB experimentou unha caída espectacular, sen precedentes. As cifras de desemprego tamén se resentiron e nos últimos meses do ano 2020 van comezar a verse os efectos da fin dos ERTE, que podería traducirse nunha importante perda de emprego. Así mesmo, os datos do IGE respecto da Enquisa Estrutural a Fogares tamén indica como aumentan os fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

Entre outros indicadores preocupantes salientan as informacións públicas das compañías fornecedoras de gas e de luz, e tamén de auga, respecto dos adiamentos de facturas de consumidores particulares e empresas

Neste contexto de incremento da pobreza, coa chegada do inverno e das baixas temperaturas cómpre ter unha previsión ambiciosa por parte das administracións públicas para enfrontar a pobreza denominada pobreza enerxética, que non deixa de ser unha manifestación máis das consecuencias lesivas dun modelo económico que non promove a redistribución da riqueza nin o acceso aos elementais servizos precisos para unha vida digna.

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Máis aínda, nun contexto onde a limitación da vida social é unha realidade e supón un incremento das horas no domicilio e polo tanto das necesidades enerxéticas, para alén da posibilidade dun novo confinamento domiciliario que non pode descartarse.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5247
Data envio: 12/11/2020 16:22:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación no incremento de afeccións respiratorias, a gripe ou a neumonía e o incremento no risco de enfermidades circulatorias ou o agravamento e incremento de problemas crónicos como a diabete.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Que actuacións vai promover o goberno galego para impedir que a denominada pobreza enerxética aumente radicalmente en Galiza no contexto da covid-19?

- Que actuacións vai promover o goberno galego para impedir que o empeoramento económico traia como consecuencia un aumento das dificultades para asumir os subministros básicos como a luz, a auga ou o gas?

- Que actuacións vai promover o goberno galego para impedir que a denominada pobreza enerxética aumente radicalmente no contexto da covid-19?

- Considera o goberno galego suficientes os mecanismos existentes na actualidade para frear as situacións de precariedade enerxética neste contexto socioeconómico?

- Valora a Xunta de Galiza tomar medidas para extender o público albo máis alá das persoas xa usuarias do bono social estatal?

- Valora o goberno galego a necesidade de demandar unha rebaixa do IVE da enerxía eléctrica?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5247
Data envio: 12/11/2020 16:22:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dirixiuse ou vaise dirixir o goberno galego a entidades sociais, sindicais, concellos e outros axentes par acordar medidas ao respecto? E ao goberno central?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 16:16:42

María do Carme González Iglesias na data 12/11/2020 16:16:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 16:16:59

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 16:17:08

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5253
Data envio: 12/11/2020 16:26:51.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola situación que atravesan moitos galegos e galegas. As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á emerxencia do contexto covid. Hoxe os custos da vida (luz, gas, combustíbeis, peaxes…) son unha realidade difícil de soportar para moitos sectores.

Malia a importancia doutros factores como os climáticos, é obvio que o sistema de fixación do prezo da factura, sempre en base á tecnoloxía máis cara que participa, é determinante. Porén, non son a única causa de que teñamos unha factura tan elevada e hai decisións políticas que se poden tomar con carácter inmediato para abaratala.

A electricidade ten no Estado Español ten unha fiscalidade excesiva, ademais do Imposto Especial á Electricidade, ten o IVE no tramo máis alto, do 21%, o que fai que sexa un dos IVE máis altos de Europa por detrás dos países nórdicos. Máis aínda, as e os galegos pagarán máis por causa dos suplementos autonómicos.

Faise a todas luces evidentes que é precisa unha racionalización da súa fiscalidade, que pasaría por reducir os impostos aplicados e como medida urxente sería

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5253
Data envio: 12/11/2020 16:26:51.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso comezar por rebaixar o IVE do 21% ao tipo superreducido do 4%. A única razón para que isto non se faga é o afán recadatorio do Estado. Neste contexto socioeconómico é evidente que as administracións precisas recursos económicos, e que renunciar a unha parte é unha decisión que debe ser meditada. Porén, neste caso concreto falamos dun servizo que debe ser básico e esencial, que debe ser considerado como un dereito, polo que nun contexto de forte emerxencia social non é tolerable que non se aplique un IVE acorde coa concepción da enerxía como un servizo elemental.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Ten avaliado o goberno galego o impacto económico do prezo da enerxía nas economías familiares galegas?

- E nas empresariais? E, máis concretamente, no sector das e dos autónomos?

-Ten demandado ou vai demandar a Xunta de Galiza a rebaixa do IVE da electricidade de cara a abaratar a factura no contexto económico grave da covid-19?

-Ten demandado ou vai demandar a Xunta de Galiza algunha medida fiscal por parte do goberno estatal de cara a abaratar a factura da electricidade?

Que valoración fai o Goberno galego da composición do prezo da electricidade?

-Considera xustificábel a Xunta de Galiza que os galegos e galegas deban pagar no seu recibo de electricidade o imposto especial de electricidade para alén do IVE correspondente?

-Vai mudar o goberno a súa propia política fiscal canto á enerxía, vistas as consecuencias para os e as consumidoras?

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5253
Data envio: 12/11/2020 16:26:51.713

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Debe pagar máis Galiza por ser produtora? Debera ser beneficiada por ser produtora?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/11/2020 16:21:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/11/2020 16:21:58

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2020 16:26:35

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:59:26
Nº Rexistro: 5273
Data envio: 12/11/2020 17:59:26.492

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo o informe anual da Fiscalía Superior de Galicia no ano 2019, os delitos cometidos por menores, aumentaron un 52 % en relación ao ano 2018.

En 2019, foron xulgados 939 adolescentes, pola comisión de case 3.600 infraccións penais, a cifra máis alta dos últimos catro exercicios, moi por enriba do 2015, con 678 menores; do 2016, con 575; do 2017, con 664; e do 2018, con 616.

Entre as persoas procesadas o 80 % tiñan entre 16 e 17 anos e o 21 % restante, entre 14 y 15. A provincia de Pontevedra, encabeza o índice de delincuencia cometida por menores, con 366 menores enxuizados, case un 88 % más que un ano atrás. Séguenlle A Coruña, con 327 (+36,2 %); Ourense, con 133 (+31,7 %); e Lugo, con 112 (+41,2 %).

Dos case 3.600 delitos cometidos por menores, a maioría foron contra o patrimonio (38,75 % do total), seguido de lesións (o 12,73 %) e de violencia familiar (6,5 %).

Dentro deste último grupo, rexistran descensos os delitos tanto de violencia doméstica (-11,34 %) como de violencia de xénero (-45 %), aínda que seguen a ser numerosos. Os delitos contra a liberdade sexual cometidos por menores pasaron de 73 a 76 (+4,11 %).

O informe da Fiscalía tamén fai referencia a reincidencia como algo habitual, no caso dos delitos cometidos por menores.

En vista da situación cómpre necesario unha actuación por parte dos poderes públicos, que pasa por políticas de prevención por unha banda e por outra de reinserción e reeducación co fin de evitar a reincidencia.

Neste ámbito a mediación é crave, temos o exemplo nos países da contorna de como, neste ámbito, as solucións extraprocesuais, ademais de supoñer unha gran

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 17:59:26
Nº Rexistro: 5273
Data envío: 12/11/2020 17:59:26.492

axilización nos procesos, causan un efecto disuasorio nos menores, reducindo os índices de reiteración de delito.

Pero para que isto sexa posible é necesario un organismo autónomo que promova as mellores intervencións educativas e terapéuticas, coa mocidade infractora, desenvolvendo programas en colaboración coas universidades e asociacións do sector, co fin de reinsertar e reeducar aos mesmos.

A maiores, como complemento ao anterior dotar aos xulgados de menores de equipos técnicos, que poidan levar a cabo estes programas de mediación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ante o incremento de delitos cometidos por menores de idade, ten o Goberno galego prevista algunha medida de prevención?
2. Cree a Xunta de Galicia que o sistema existente na nosa comunidade en relación ao cumprimento das penas polos menores infractores está a ser efectivo, cara a prevención da reincidencia?
3. Vai a Xunta de Galicia elaborar programas de tratamento educativo e terapéutico para os menores infractores?
4. Vai a Xunta de Galicia a crear un organismo que se encargue da elaboración de Plans de tratamento para a prevención, reeducación e reinserción da mocidade infractora?
5. Vai a Xunta de Galicia a dotar aos xulgados de menores de equipos técnicos para levar a cabo programas individualizados de mediación.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/11/2020 17:54:56

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Marina Ortega Otero na data 12/11/2020 17:55:30

Pablo Arangüena Fernández na data 12/11/2020 17:55:41

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 18:16:47
Nº Rexistro: 5280
Data envio: 12/11/2020 18:16:47.153

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Imelga foi creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia e, en virtude de Orde do 23 de marzo de 2006, entrou en funcionamento.

As súas funcións son a investigación medicolegal en tódolos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade, a intervención no control periódico da evolución das persoas lesionadas e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais, e a emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil.

O Instituto, está integrado por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados en sete subdireccións territoriais, cada unha delas coas súas respectivas áreas de patoloxía forense e de clínica medicolegal. O ámbito territorial das subdireccións é o seguinte:

- Subdirección territorial da Coruña, cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión.
- Subdirección territorial do Ferrol, que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira.
- Subdirección territorial de Santiago de Compostela, para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela.
- Subdirección territorial de Lugo, con ámbito de actuación en toda a provincia.
- Subdirección territorial de Ourense, tamén con ámbito provincial.

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2020 18:16:47
Nº Rexistro: 5280
Data envio: 12/11/2020 18:16:47.153

- Subdirección territorial de Pontevedra, cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.
- Subdirección territorial de Vigo, que comprende os partidos xudiciais de Ponteareas, Redondela, O Porriño e Tui.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia realizou en 2019 máis de 23.300 informes periciais médicos, psicolóxicos e sociais. O volume de traballo destes centros, na actualidade, debido ao número escaso de centros e á falta de persoal no Imelga, é inasumible, o que provoca serios retrasos procesuais en procedementos penais por delito de abusos sexuais, violencia de xénero, malos tratos, desprotección e violencia en menores, e en procesos civís coma os procedementos de familia, incapacidades, e demais.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia levar a cabo un estudio estrito do tempo de retraso dos informes do Imelga, pormenorizado por cada partido xudicial?
2. En función do resultado do informe, vai o Goberno galego aumentar o número de centros Imelga, en atención ás necesidades reais?
3. En función do resultado do informe, vai o Goberno galego aumentar o número de persoal traballador adscrito ao Imelga, en atención ás necesidades reais?
4. Contempla a Xunta de Galicia crear unidades de valoración integral especializadas para casos de violencia de xénero por ser unha realidade diferenciada e con outras necesidades especificas?

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/11/2020 18:11:26

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 18:11:33

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 18:11:44

Pablo Arangüena Fernández na data 12/11/2020 18:11:52

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGuij4NakIQ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/